# ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE TRES DE MAIO DE DOUS MIL DEZANOVE

## (ACTA NÚMERO 22)

**Presidente:**
D. Darío Campos Conde

**Sres. Deputados:**
D. Argelio Fernández Queipo
D. Pablo Rivera Capón
Dª. Mª. del Pilar García Porto (incorpórase ás once horas e trinta minutos, antes de comezar o punto 8 da Orde do Día).
D. Eduardo Vidal Baamonde
Dª. Sonsoles López Izquierdo

**Secretaria:**
Dª. María Esther Álvarez Martínez

**Interventora:**
Dª. Rosa Abelleira Fernández

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **tres de maio de dous mil dezanove**, baixo a Presidencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. Darío Campos Conde, reúnense os Sres. Deputados á marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria Dª. María Esther Álvarez Martínez, e asiste a Interventora Dª. Rosa Abelleira Fernández.

Non asisten os señores Deputados D. Álvaro Santos Ramos, D. Lino Rodríguez Ónega e Dª. Mayra García Bermúdez.

**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SEIS DE ABRIL DE DOUS MIL DEZANOVE.**

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e seis de abril de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO ESCRITO DA ALCALDÍA DO CONCELLO DE QUIROGA, SOLICITANDO NOVA PRÓRROGA PARA O PRAZO DE ADXUDICACIÓN DE INVESTIMENTO INCLUÍDO NO PLAN ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

"En relación co escrito da Alcaldía do Concello de Quiroga, no que solicitan prórroga para a adxudicación e formalización de contratos, de proceder, de investimentos incluídos no Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018, infórmase o seguinte:

Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27 de febreiro de 2018 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018. Ditas Bases foron publicadas no BOP nº 051 do sábado 3 de marzo de 2018,

fixándose, na base 18, o prazo do 31 de outubro de 2018 para adxudicar e formalizar, de proceder, os contratos referentes ás actuacións incluídas no Plan.

O Plan Único de Cooperación cos Concellos 2018 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 29 de maio de 2018, figurando incluídos os investimentos para os que solicitan prórroga de adxudicación.

Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para a adxudicación das obras, ou o acordo da súa execución por administración, e a formalización dos contratos, de proceder, debería de ser adoptado na data límite do 31 de outubro de 2018.

A Alcaldía do concello indicado solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización dos contratos, de proceder, polos motivos e prazos que se sinalan:

Concello de Quiroga

O concello de Quiroga incluíu ao abeiro do Plan único 2018, entre outros, o seguinte investimento:

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| QUIROGA | 233 | IDENTIFICACIÓN | ACONDICIONAMENTO DE TERREOS ADXACENTES AO ALBERGUE MUNICIPAL PARA EXECUCIÓN DUNHA PRAZA | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 50.000,00 | 0,00 | 50.000,00 | | | X |
| | 234 | IDENTIFICACIÓN | REHABILITACIÓN URBANA DE BEIRARRÚAS E FAROLAS NAS RÚAS ROSALÍA DE CASTRO, ANXEL FOLE, QUIROGA DE ARXENTINA, SAN MARTIÑO, RAMÓN Y CAJAL, CAMILO JOSÉ CELA, RIO LOR E PRAZA MAIOR DA VILA DE QUIROGA | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 30.000,00 | 0,00 | 30.000,00 | | | X |
| | 235 | IDENTIFICACIÓN | ACONDICIONAMENTO E MELLORA DA REDE VIARIA LOCAL EN VILANUIDE, SAN MARTIÑO, FERREIRA, CENTEAIS, MONTEFURADO, ALDEA, IVEDO, VILLASTER, VILAR DE MONDELO, BENDOLLO, SOLDÓN, SEQUEIROS, PARADAPIÑOR, CEREIXIDO, VILARMIEL, O CASTEL, A BARCA, CASPEDRO, VILAÑAN, CARBALLO, FISTEUS, VESRREDONDA, VILLARBACÚ, CASA DO VELLO, O MAZO, OUTEIRO PACIOS DA SERRA, A ERMIDA, ARXUBIN, CAMPODOLA E LEIXAZOS E OS ACCESOS A MONTAÑA DO LOR, PARTEME, POZOS, SAN PEDRO, SANTA ANDREA, AS COVAS E OUTROS, (segundo coordenadas UTM). | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 45.093,25 | 0,00 | 45.093,25 | | | X |
| | 236 | IDENTIFICACIÓN | SUBMINISTRO ELÉCTRICO E IMPLANTACIÓN DE BOMBA EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 58.631,10 | 13.368,90 | 72.000,00 | | | X |
| | 237 | IDENTIFICACIÓN | ARRANXO E PAVIMENTACIÓN DE CAMIÑOS E RÚAS MUNICIPAIS EN ACCESO A POZOS, VILAR DE MONDELO, OUTEIRO, CAMIÑO DE A XORDA-MONTEFURADO, VERGAZA, (segundo coordenadas UTM) | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 45.036,40 | 0,00 | 45.036,40 | | | X |

A Alcaldía do Concello de Quiroga, solicitou a modificación de investimentos incluídos inicialmente no Plan único 2018, que foi aprobado polo Pleno ordinario desta entidade en data 25 de setembro de 2018, e quedando o investimento para o que solicita prórroga do seguinte xeito:

| | | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| QUIROGA | 236 | IDENTIFICACIÓN | ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO | | | | | | |
| | | FINANCIACIÓN | 58.631,10 | 14.482,82 | 73.113,92 | | | x | |

Pola Xunta de Goberno en sesión ordinaria celebrada o día 26 de outubro de 2018 adoptouse acordo de concesión de prórroga nos termos que se indican:

| INVESTIMENTO | | PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA |
|---|---|---|
| Nº | IDENTIFICACIÓN | |
| 236 | ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO | *31-03-2019* |

A Alcaldía do Concello de Quiroga, a través de escrito con rexistro de entrada de data 17 de abril de 2019 solicita unha nova prórroga para a adxudicación e formalización do contrato, de proceder, dos investimentos que deseguido se indican, segundo xustificación manifestada, que consta no expediente e que en síntese indica “ ... aínda non contamos coas autorizacións sectoriais da Confederación Hidrográfica Miño Sil, (...) ” ata os prazos que se sinalan:

| INVESTIMENTO | | PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA |
|---|---|---|
| Nº | IDENTIFICACIÓN | |
| 236 | ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO | 31-08-2019 |

En relación con esta solicitude da alcaldía do Concello de Quiroga, e tendo en conta os motivos que aduce, cabe admitir a solicitude de prórroga, en virtude do establecido no artigo 70.3 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, (aplicable por analoxía e supletoriamente segundo o previsto na propia base 13 e de conformidade co previsto na disposición adicional oitava da Lei xeral de subvencións) que determina que transcorrido o prazo establecido de xustificación sen presentarse a

mesma ante o órgano administrativo competente, este requirirá ao beneficiario para que no prazo improrrogable de quince días sexa presentada, trámite que non se levou a cabo nestas datas.

Doutra banda, e como argumento xeral aplicable, e reafirmando esta interpretación, o artigo 73.3 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, sobre o cumprimento de trámites, na ordenación do procedemento, establece, en coincidencia co previsto no artigo 76.3 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, (derrogada), que os interesados que non dean satisfacción ao cumprimento dos trámites que lles corresponde, poderá declarárselles decaídos no seu dereito a ese trámite concreto. Non obstante, admitirase a actuación e producirá efectos legais, si se produciran antes ou dentro do día que se notifique a resolución no que se teña por transcorrido o prazo. Neste caso concreto non se iniciou o trámite de declaración da perda do dereito ao trámite de adxudicación das obras incluídas no plan único de cooperación 2018, e polo tanto debe entenderse que a actuación por iniciativa propia de solicitude de prórroga do prazo de adxudicación dos investimentos indicados, incluídos no plan único 2018, dos concellos de Quiroga, debe entenderse presentadas dentro do prazo do artigo 73.3 da lei 39/2015 do 1 de outubro.

Neste sentido pode invocarse a sentencia 1342/2018, do 19 de xullo (Rec 3622/2017), do Tribunal Supremo, no sentido de que non se pode ter por decaído no seu dereito ao solicitante que presenta a documentación requirida fora do prazo outorgado, pero antes da declaración de desestimento ou a Sentenza 497/2018 do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

Tendo en conta a solicitude da Alcaldía do concello de Quiroga, así como os motivos que aduce, incorporados ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que deberá de adoptar o devandito acordo é a Xunta de Goberno desta Deputación, de conformidade co establecido na base 18 das bases reguladoras do Plan único 2018, "os concellos adxudicarán e formalizaran, de proceder, os contratos referentes as actuación incluídas no Plan ata o 31 de Outubro de 2018. Non obstante, este prazo poderá ser prorrogado mediante acordo da Xunta de Goberno a solicitude motivada do concello".

Polo que va dito, infórmase favorablemente a concesión da prórroga ao Concello de Quiroga para a adxudicación e formalización, de proceder, dos contratos dos referidos investimentos, concretos e numerados, incluídos no Plan único 2018, e ata o prazo solicitado.

A vista do anterior, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º**.- Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de Quiroga, e en consecuencia, concederlle a prórroga solicitada para a adxudicación do investimento indicado deseguido, debendo de remitir a Deputación, de forma individual para cada investimento a certificación do acordo ou resolución de adxudicación do contrato ou do acordo de execución por administración. (Anexo III ou IV).

| INVESTIMENTO | | PRORROGA ADXUDICACIÓN ATA |
|---|---|---|
| Nº | IDENTIFICACIÓN | |
| 236 | ACOMETIDA ELÉCTRICA E INSTALACIÓN ELÉCTRICA INTERIOR EN PUNTO DE CAPTACIÓN DO RÍO FERREIRIÑO | 31-08-2019 |

**2º.-** Dar traslado do presente ao Concello indicado para ao seu coñecemento e aos efectos expresados no acordo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5602 "SAMOS (LU-633)- PINTÍN- SARRIA (LU-633)", P.K. 15+480 A 17+495 E LU-P-5702 "PEDRAFITA (LU-P-5703)- SABADELLE- VILANOVA DE SAN VICENTE DE FROIAN", P.K. 0+000 A 2+611.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

**"**Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

"(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 01 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación cun orzamento de licitación de 262.950,00€, dos cales 45.635,95€ son de IVE, correspondente á obra**:** SARRIA.- Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)- Pintín- Sarria (LU-633)", P.K. 15+480 a 17+495 e LU-P-5702 "Pedrafita (LU-P-5703)- Sabadelle- Vilanova de San Vicente de Froian", PK 0+000 a 2+611. Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público, o 15 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a licitación da obra, por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación, con data 27 de marzo de 2019, deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á contratación da obra identificada como SARRIA.- Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)- Pintín- Sarria (LU-633)", PK 15+480 A 17+495 e LU-P-5702 "Pedrafita (LUP5703)- Sabadelle - Vilanova de San Vicente de Froian", PK 0+000 a 2+611 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 15 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas. De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital "1" e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital "2", contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

SARRIA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-5602 "SAMOS (LU-633)-PINTÍN-SARRIA (LU-633)", PK 15+480 A 17+495 E LU-P-5702 "PEDRAFITA (LUP5703)-SABADELLE-VILANOVA DE SAN VICENTE DE FROIAN", PK 0+000 A 2+611

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluido) | 262.950,00 | | |
| VALOR ESTIMADO | 217.314,05 | 45.635,95 | IVE |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | NO | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 6 | MAXIMO<br>10.865,70 | |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | (A) PRECIO (95) | (C) P. DIVULGACIÓN (5) | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) | Oferta ( sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado | Plantel / Discapacitados |
| 1 | ACOVAL SA | | 223.770,45 € | 0,00 € | 40/1 |
| 2 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 217.380,77 € | 4.132,23 € | 11/0 |
| 3 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 209.570,79 € | 0,00 € | 45/1 |
| 4 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 210.884,85 € | 0,00 € | 6/0 |
| 5 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 209.644,00 € | 0,00 € | 13/0 |
| 6 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 200.000,00 € | 3.500,00 € | 14/1 |
| 7 | FRANCISCO GÓMEZ SL | B | 213.445,00 € | 1.303,88 € | 190/3 |
| 8 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 225.229,82 € | 1.640,72 € | 86/1 |
| 9 | HORDESCÓN SL | | 243.465,41 € | 519,01 € | 18/0 |
| 10 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU | | 260.000,00 € | 1.200,00 € | 77/2 |
| 11 | OPAGA 003 SL | | 249.776,21 € | 392,56 € | 9/0 |
| 12 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | C | 202.850,45 € | 0,00 € | 38/1 |
| 13 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | C | 211.145,00 € | 10.850,00 € | 194/4 |
| 14 | VAZPER 3 SL | | 234.209,00 € | 826,45 € | 24/1 |

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA (A-B) |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | ACOVAL SA | | 223.770,45 € |
| 2 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 217.380,77 € |
| 3 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 209.570,79 € |
| 4 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 210.884,85 € |
| 5 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 209.644,00 € |
| 6 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 200.000,00 € |
| 7 | FRANCISCO GÓMEZ SL | B | 213.445,00 € |
| 8 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 225.229,82 € |
| 9 | HORDESCÓN SL | | 243.465,41 € |
| 10 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU | | 260.000,00 € |
| 11 | OPAGA 003 SL | | 249.776,21 € |
| 12 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | C | 202.850,45 € |
| 13 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | C | 211.145,00 € |
| 14 | VAZPER 3 SL | | 234.209,00 € |

| MEDIA | NOVA MEDIA |
|---|---|
| 225.081,54 | 218.457,85 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA | NOVA BAIXA |
|---|---|
| 202.573,38 | 196.612,07 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 247.589,69 |

| Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mismo grupo: |
|---|
| EXCAVACIONES SANTIÑOS SL |
| FRANCISCO GÓMEZ SL |
| PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU |

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedéndose á valoración das ofertas mediante

aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | PRECIO (95) | | P. DIVULGACIÓN (5) | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Oferta | Ptos | Oferta (máximo 5% v. estimado) | Ptos | PUNTOS |
| 1 | ACOVAL SA | | 223.770,45 € | 59,13 | 0,00 € | 0,00 | 59,13 |
| 2 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 217.380,77 € | 68,77 | 4.132,23 € | 1,90 | 70,67 |
| 3 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 209.570,79 € | 80,56 | 0,00 € | 0,00 | 80,56 |
| 4 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 210.884,85 € | 78,57 | 0,00 € | 0,00 | 78,57 |
| 5 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 209.644,00 € | 80,45 | 0,00 € | 0,00 | 80,45 |
| 6 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 200.000,00 € | 95,00 | 3.500,00 € | 1,61 | 96,61 |
| 7 | FRANCISCO GÓMEZ SL | B | 213.445,00 € | 74,71 | 1.303,88 € | 0,60 | 75,31 |
| 8 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 225.229,82 € | 56,92 | 1.640,72 € | 0,76 | 57,68 |
| 9 | HORDESCÓN SL | | 243.465,41 € | 29,40 | 519,01 € | 0,24 | 29,64 |
| 10 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU | | 260.000,00 € | 4,45 | 1.200,00 € | 0,55 | 5,00 |
| 11 | OPAGA 003 SL | | 249.776,21 € | 19,88 | 392,56 € | 0,18 | 20,06 |
| 12 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | C | 202.850,45 € | 90,70 | 0,00 € | 0,00 | 90,70 |
| 13 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | C | 211.145,00 € | 78,18 | 10.850,00 € | 5,00 | 83,18 |
| 14 | VAZPER 3 SL | | 234.209,00 € | 43,37 | 826,45 € | 0,38 | 43,75 |

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 05 de abril de 2019 adoptouse a seguinte resolución:

"(...)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|
| 1 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 96,61 |
| 2 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | C | 90,70 |
| 3 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | C | 83,18 |
| 4 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 80,56 |
| 5 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 80,45 |
| 6 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 78,57 |
| 7 | FRANCISCO GÓMEZ SL | B | 75,31 |
| 8 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 70,67 |
| 9 | ACOVAL SA | | 59,13 |
| 10 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 57,68 |
| 11 | VAZPER 3 SL | | 43,75 |
| 12 | HORDESCÓN SL | | 29,64 |
| 13 | OPAGA 003 SL | | 20,06 |
| 14 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU | | 5,00 |

Requirir ao contratista FEVISA VÍAS Y OBRAS SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de data 15 de abril de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 16-04-2019, foi requirida a mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 8.264,46 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL, achegou a través de escrito de data 25 de abril de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia, e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra SARRIA.- Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)- Pintín- Sarria (LU-633)", PK 15+480 A 17+495 e LU-P-5702 "Pedrafita (LUP5703)-

Sabadelle- Vilanova de San Vicente de Froian", PK 0+000 a 2+611 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL, representada por D. Juan Carlos López Rivero, no prezo de 200.000,00 € dos cales 34.710,74 € son de IVE e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.500,00 € e 735,00€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar  a execución da obra SARRIA.- Rehabilitación de firme LU-P-5602 "Samos (LU-633)- Pintín- Sarria (LU-633)", PK 15+480 A 17+495 e LU-P-5702 "Pedrafita (LUP5703)- Sabadelle- Vilanova de San Vicente de Froian", PK 0+000 a 2+611 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil FEVISA VÍAS Y OBRAS SL representada por D. Juan Carlos López Rivero, no prezo de 200.000,00 € dos cales 34.710,74 € son de IVE e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 3.500,00 € e 735,00€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**2º**.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**3º**.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**4º**.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4102 "FERREIRA (N120A)- CURRELOS (LU-611)", P.K. 14+500 A 22+340.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

"(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 01 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 519.755,00 €, dos cales 90.205,41€ son de IVE, correspondente á obra: O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N120A)- Currelos (LU-611)", PK 14+500 a 22+340.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 15 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 27 de marzo de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N120A)- Currelos (LU-611)", PK 14+500 a 22+340 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 15 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

O SAVIÑAO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-4102 "FERREIRA (N120A)-CURRELOS (LU-611)", PK 14+500 A 22+340

| | | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 519.755,00 | | | | MELLORAS | | | |
| VALOR ESTIMADO | 429.549,59 | 90.205,41 | DE IVE (partida independente) | | IMP. SIN IVE | 37,12 | IMP CON IVE | 53,45 |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | NO | | | | IMP. GX e BI | 44,17 | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 6 | | | MAXIMO 21.477,48 | | | | |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | (A) PRECIO (75) | (B) MELLORAS (20) | | (C) P. DIVULGACIÓN (5) | CRITERIO DESEMPATE | % BAIXA | | TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) | Oferta (m BARREIRA SEGURIDADE) | €/M // CUSTE (€) menos % baixa<br>53,45 | Oferta ( sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado | Plantel / Discapacitados | % | % | |
| 1 | ACOVAL SA | | 431.916,41 € | 0,00 | 0,00 | 0,00 € | 40/1 | 83,10% | 16,90% | 431.916,41 € |
| 2 | ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | | 403.752,58 € | 200,00 | 8.303,99 | 6.000,00 € | 119/3 | 77,68% | 22,32% | 395.448,59 € |
| 3 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 415.700,05 € | 150,00 | 6.412,40 | 8.264,46 € | 11/0 | 79,98% | 20,02% | 409.287,65 € |
| 4 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 386.852,73 € | 0,00 | 0,00 | 0,00 € | 45/1 | 74,43% | 25,57% | 386.852,73 € |
| 5 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL | | 400.211,13 € | 350,00 | 14.404,78 | 12.886,00 € | 178/4 | 77,00% | 23,00% | 385.806,35 € |
| 6 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 514.557,34 € | 2.500,00 | 132.288,75 | 0,00 € | 6/0 | 99,00% | 1,00% | 382.268,59 € |
| 7 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 395.000,00 € | 350,00 | 14.217,70 | 3.000,00 € | 14/1 | 76,00% | 24,00% | 380.782,30 € |
| 8 | FRANCISCO GOMEZ Y CÍA SL | | 434.333,00 € | 0,00 | 0,00 | 859,10 € | 190/3 | 83,56% | 16,44% | 434.333,00 € |
| 9 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 464.011,28 € | 278,00 | 13.266,20 | 3.071,28 € | 86/1 | 89,28% | 10,72% | 450.745,08 € |
| 10 | HORDESCÓN SL | | 445.533,99 € | 508,00 | 23.275,21 | 1.622,31 € | 18/0 | 85,72% | 14,28% | 422.258,78 € |
| 11 | MISTURAS SA | | 428.485,20 € | 525,00 | 23.133,69 | 21.477,48 € | 84/1 | 82,44% | 17,56% | 405.351,51 € |
| 12 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU | | 405.400,00 € | 300,00 | 12.507,30 | 3.500,00 € | 77/2 | 78,00% | 22,00% | 392.892,70 € |
| 13 | OPAGA 003 SL | | 483.216,22 € | 144,00 | 7.155,71 | 392,56 € | 9/0 | 92,97% | 7,03% | 476.060,51 € |
| 14 | OTXANDIANO EMPRESARIAL SAU | | 480.370,00 € | 450,00 | 22.229,32 | 10.000,00 € | -/- | 92,42% | 7,58% | 458.140,68 € |
| 15 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | B | 413.457,00 € | 45,00 | 1.913,38 | 0,00 € | 38/1 | 79,55% | 20,45% | 411.543,62 € |
| 16 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | B | 492.470,00 € | 475,00 | 24.055,84 | 21.400,00 € | 194/4 | 94,75% | 5,25% | 468.414,16 € |

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA (A-B) |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | ACOVAL SA | | 431.916,41 € |
| 2 | ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | | 395.448,59 € |
| 3 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 409.287,65 € |
| 4 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 386.852,73 € |
| 5 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL | | 385.806,35 € |
| 6 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 382.268,59 € |
| 7 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 380.782,30 € |
| 8 | FRANCISCO GOMEZ Y CÍA SL | | 434.333,00 € |
| 9 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 450.745,08 € |
| 10 | HORDESCÓN SL | | 422.258,78 € |
| 11 | MISTURAS SA | | 405.351,51 € |
| 12 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU | | 392.892,70 € |
| 13 | OPAGA 003 SL | | 476.060,51 € |
| 14 | OTXANDIANO EMPRESARIAL SAU | | 458.140,68 € |
| 15 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | B | 411.543,62 € |
| 16 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | B | 468.414,16 € |

| MEDIA |
|---|
| 416.916,84 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA |
|---|
| 375.225,16 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 458.608,52 |

| Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mismo grupo: |
|---|
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL |
| PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU |
| |

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedéndose á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | PRECIO (75) | | MELLORAS (20) | | P. DIVULGACIÓN (5) | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Oferta | Ptos | Oferta (m BARREIRA SEGURIDADE) | Ptos | Oferta (máximo 5% v. estimado) | Ptos | PUNTOS |
| 1 | ACOVAL SA | | 431.916,41 € | 49,57 | 0,00 | 0,00 | 0,00 € | 0,00 | 49,57 |
| 2 | ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | | 403.752,58 € | 65,46 | 200,00 | 1,60 | 6.000,00 € | 1,40 | 68,46 |
| 3 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 415.700,05 € | 58,72 | 150,00 | 1,20 | 8.264,46 € | 1,92 | 61,84 |
| 4 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 386.852,73 € | 75,00 | 0,00 | 0,00 | 0,00 € | 0,00 | 75,00 |
| 5 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL | | 400.211,13 € | 67,46 | 350,00 | 2,80 | 12.886,00 € | 3,00 | 73,26 |
| 6 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 514.557,34 € | 2,93 | 2.500,00 | 20,00 | 0,00 € | 0,00 | 22,93 |
| 7 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 395.000,00 € | 70,40 | 350,00 | 2,80 | 3.000,00 € | 0,70 | 73,90 |
| 8 | FRANCISCO GOMEZ Y CÍA SL | | 434.333,00 € | 48,21 | 0,00 | 0,00 | 859,10 € | 0,20 | 48,41 |
| 9 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 464.011,28 € | 31,46 | 278,00 | 2,22 | 3.071,28 € | 0,72 | 34,40 |
| 10 | HORDESCÓN SL | | 445.533,99 € | 41,88 | 508,00 | 4,06 | 1.622,31 € | 0,38 | 46,32 |
| 11 | MISTURAS SA | | 428.485,20 € | 51,51 | 525,00 | 4,20 | 21.477,48 € | 5,00 | 60,71 |
| 12 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU | | 405.400,00 € | 64,53 | 300,00 | 2,40 | 3.500,00 € | 0,81 | 67,74 |
| 13 | OPAGA 003 SL | | 483.216,22 € | 20,62 | 144,00 | 1,15 | 392,56 € | 0,09 | 21,86 |
| 14 | OTXANDIANO EMPRESARIAL SAU | | 480.370,00 € | 22,23 | 450,00 | 3,60 | 10.000,00 € | 2,33 | 28,16 |
| 15 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | B | 413.457,00 € | 59,99 | 45,00 | 0,36 | 0,00 € | 0,00 | 60,35 |
| 16 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | B | 492.470,00 € | 15,40 | 475,00 | 3,80 | 21.400,00 € | 4,98 | 24,18 |

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 10 de abril de 2019 adoptouse a seguinte resolución:

“(...)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|
| 1 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 75,00 |
| 2 | FEVISA VÍAS Y OBRAS SL | | 73,90 |
| 3 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL | | 73,26 |
| 4 | ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | | 68,46 |
| 5 | NEXIA INFRAESTRUCTURAS SLU | | 67,74 |
| 6 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 61,84 |
| 7 | MISTURAS SA | | 60,71 |
| 8 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | B | 60,35 |
| 9 | ACOVAL SA | | 49,57 |
| 10 | FRANCISCO GOMEZ Y CÍA SL | | 48,41 |
| 11 | HORDESCÓN SL | | 46,32 |
| 12 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 34,40 |
| 13 | OTXANDIANO EMPRESARIAL SAU | | 28,16 |
| 14 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | B | 24,18 |
| 15 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 22,93 |
| 16 | OPAGA 003 SL | | 21,86 |

Requirir ao contratista CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito de data 15 de abril de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 16-04-2019, foi requirida a mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 15.985,65 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, achegou a través de escrito de data 25 de abril de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N120A)- Currelos (LU-611)", PK 14+500 A 22+340 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, representada por D. José Antonio Miguélez Díaz, no prezo de 386.852,73 € dos cales 67.139,73 € son de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar a execución da obra O SAVIÑAO.- Rehabilitación de firme LU-P-4102 "Ferreira (N120A)- Currelos (LU-611)", PK 14+500 a 22+340 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL, representada por D. José Antonio Miguélez Díaz, no prezo de 386.852,73 € dos cales 67.139,73 € son de IVE e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**2º**.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**3º**.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**4º**.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE LUGO.- REPARACIÓN ESTRUTURAL DOS PAVILLÓNS 1 E 2 DO FOGAR DE SANTA MARÍA.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 01 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 515.671,60€, dos cales 89.496,72€ son de IVE, correspondente á obra LUGO.- Reparación Estructural dos Pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 06 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada pola Mesa de contratación, con data 11 de marzo de 2019, deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como LUGO.- Reparación Estructural dos Pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María. segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público, o 06 de febreiro de 2019, e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procédese á apertura do arquivo dixital “2” que conten as ofertas técnicas ou criterios de adxudicación avaliables mediante xuízo de valor, de acordo co disposto na cláusula 12 do PCAP polo que rexe a licitación desta obra. A mesa por

unanimidade acordou dar traslado ao Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, para que polo autor do proxecto se emita informe de avaliación.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 27 de marzo de 2019 deuse conta do informe do Servizo de Contratación e Fomento en relación coa oferta técnica da amentada obra, no que entre outros, contén os seguintes extremos:

"(...)

a vista dos informes do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, e a valoración técnica emitida, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, o resume da puntuación no relativo a criterios de xuízo de valor queda do seguinte xeito:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | CRITERIOS XUÍZO DE VALOR (47) | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | MEMORIA (40) | Programa Traballo (2) | Garantía subministro (5) | Ptos |
| 1 | COVISAM NORTE SL | | 13,50 | 0,80 | 4,00 | 18,30 |
| 2 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 36,00 | 1,80 | 1,00 | 38,80 |
| 3 | OHL SERVICIOS INGESAN SA | | 13,50 | 0,50 | 4,50 | 18,50 |
| 4 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA | | 9,50 | 1,00 | 4,00 | 14,50 |
| 5 | UTE: ARCO LABORA-HONDIGO | | 2,50 | 0,50 | 0,50 | 3,50 |

Así mesmo, a xuízo do que subscribe, unha vez realizada e feita pública a valoración da oferta técnica, procedería a apertura da oferta económica e valoración das mesmas, se procede, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital "3", contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

LUGO.- REPARACIÓN ESTRUCTURAL DOS PAVILLÓNS 1 E 2 DO FOGAR DE SANTA MARÍA

| | | | |
|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 515.671,60 | | |
| VALOR ESTIMADO | 426.174,88 | 89.496,72 | DE IVE (partida |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | K-7-3 | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 12 SEMANAS | | |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | A.- XUÍZO DE VALOR (47) | | | B.- MATEMÁTICOS (53) | | CRITERIO DESEMPATE |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | 1 MEMORIA TÉCNICA (40) | 2. PROGRAMA TRABALLO (2) | 3. GARANTÍA SUBMINISTRO MATERIAIS (5) | 1. PREZO (50) | 2.- REDUCIÓN PRAZO EXECUCIÓN (3) | Plantel / Discapacitados |
| 1 | COVISAM NORTE SL | | 13,50 | 0,80 | 4,00 | 429.547,58 € | 2,00 | 7/0 |
| 2 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 36,00 | 1,80 | 1,00 | 451.212,65 € | 2,00 | 131/4 |
| 3 | OHL SERVICIOS INGESAN SA | | 13,50 | 0,50 | 4,50 | 458.558,92 € | 1,00 | 7726/359 |
| 4 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA | | 9,50 | 1,00 | 4,00 | 408.669,74 € | 2,00 | 37/0 |
| 5 | UTE: ARCO LABORA-HONDIGO | | 2,50 | 0,50 | 0,50 | 459.800,00 € | 2,00 | -/- |

De seguido procedeuse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | COVISAM NORTE SL | | 429.547,58 € |
| 2 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 451.212,65 € |
| 3 | OHL SERVICIOS INGESAN SA | | 458.558,92 € |
| 4 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA | | 408.669,74 € |
| 5 | UTE: ARCO LABORA-HONDIGO | | 459.800,00 € |

| MEDIA |
|---|
| 441.557,78 |

| BAIXA TEMERARIA |
|---|
| 397.402,00 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 485.713,56 |

Á vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, procedéndose á valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | CRITERIOS MATEMÁTICOS (53) | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Prezo (50) | Ptos | Redución prazo execución (3) | Ptos | PUNTOS |
| 1 | COVISAM NORTE SL | | 429.547,58 € | 40,24 | 2,00 | 3,00 | 43,24 |
| 2 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 451.212,65 € | 30,12 | 2,00 | 3,00 | 33,12 |
| 3 | OHL SERVICIOS INGESAN SA | | 458.558,92 € | 26,69 | 1,00 | 1,50 | 28,19 |
| 4 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA | | 408.669,74 € | 50,00 | 2,00 | 3,00 | 53,00 |
| 5 | UTE: ARCO LABORA-HONDIGO | | 459.800,00 € | 26,11 | 2,00 | 3,00 | 29,11 |

Cos datos precedentes, a mesa procedeu á suma das puntuacións totais obtidas polas empresas licitadoras, tanto das puntuacións da oferta técnica, valorada a través de criterios de xuízo de valor, como da oferta económica, valorada a través de fórmulas matemáticas, obténdose o resultado que se indica:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | SUMA TOTAL PUNTOS (XUÍZO VALOR + MATEMÁTICOS) | | |
|---|---|---|---|---|---|
| | | | PUNTUACIÓN C. XÚIZO VALOR (47) | PUNTUACIÓN C. MATEMÁTICOS (53) | PTOS TOTAL |
| 1 | COVISAM NORTE SL | | 18,30 € | 43,24 | 61,54 |
| 2 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 38,80 € | 33,12 | 71,92 |
| 3 | OHL SERVICIOS INGESAN SA | | 18,50 € | 28,19 | 46,69 |
| 4 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA | | 14,50 € | 53,00 | 67,50 |
| 5 | UTE: ARCO LABORA-HONDIGO | | 3,50 € | 29,11 | 32,61 |

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 05 de abril de 2019 adoptouse a seguinte resolución:

"(...)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESA /GRUPO | | | PTOS TOTAL |
|---|---|---|---|
| 1 | JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA | | 71,92 |
| 2 | PRACE, SERVICIOS Y OBRAS SA | | 67,50 |
| 3 | COVISAM NORTE SL | | 61,54 |
| 4 | OHL SERVICIOS INGESAN SA | | 46,69 |
| 5 | UTE: ARCO LABORA-HONDIGO | | 32,61 |

Requirir ao contratista JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras".

Por escrito con rexistro de data 15 de abril de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 16-04-2019, foi requirida a mercantil JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 18.645,15 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA, achegou a través de escrito de data 26 de abril de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra LUGO.- Reparación Estructural dos Pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA, representada por Dª Gema Romero García, no prezo de 451.212,65 € dos cales 78.309,63 € son de IVE e unha redución do prazo de execución de 2 semanas, polo que resulta un prazo de execución de 10 semanas.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: a redución do prazo de execución, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar a execución da obra LUGO.- Reparación Estructural dos Pavillóns 1 e 2 do Fogar de Santa María conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 01 de febreiro de 2019, á mercantil JOCA INGENIERÍA Y CONSTRUCCIÓN SA, representada por Dª

Gema Romero García, no prezo de 451.212,65 € dos cales 78.309,63 € son de IVE e unha redución do prazo de execución de 2 semanas, polo que resulta un prazo de execución de 10 semanas.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: a redución do prazo de execución, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**2º**.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**3º**.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**4º**.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE A FONSAGRADA-BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0408 "CÓRNEAS (LU-P-0401)-FREIXO-A LASTRA (LU-530)", 5+195 AL 11+157 Y LU-P-1911 "MESÓN NOVO (LU-703)-O VENTORRILLO-CHAO DE VAGA (LU-P-4606)", 4+355 AL 4+960 Y 10+500 AL 11+500.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

“(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xaneiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 349.875,00€, dos cales 60.722,11€ son de IVE, correspondente á obra: A FONSAGRADA-BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0408 "Córneas (LU-P-0401)- Freixo- A Lastra (LU-530)", 5+195 al 11+157 Y LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)- O Ventorrillo- Chao de Vaga (LU-P-4606)", 4+355 al 4+960 e 10+500 al 11+500.

Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 31 de xaneiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais, para a recepción de documentación e ofertas para a licitación da obra por procedemento aberto mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 01 de marzo de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á contratación da obra identificada como A FONSAGRADA- BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0408 "Córneas (LU-P-0401)- Freixo- A Lastra (LU-530)", 5+195 al 11+157 a LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)- O Ventorrillo- Chao de Vaga (LU-P-4606)", 4+355 al 4+960 e 10+500 al 11+500 segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 31 de xaneiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas.

De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas.

A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital "2", contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

A FONSAGRADA-BALEIRA.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-0408 "CÓRNEAS (LU-P-0401)-FREIXO-A LASTRA (LU-530)", 5+195 AL 11+157 Y LU-P-1911 "MESÓN NOVO (LU-703)-O VENTORRILLO-CHAO DE VAGA (LU-P-4606)", 4+355 AL 4+960 Y 10+500 AL 11+500.

| | | | | |
|---|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 349.875,00 | | | |
| VALOR ESTIMADO | 289.152,89 | 60.722,11 | DE IVE (partida independente) | |
| | NO | | | |

| | | | |
|---|---|---|---|
| | | | MELLORAS |
| IMP. SIN IVE | 31,21 | IMP CON IVE | 44,94 |
| IMP. GX e BI | 37,14 | | |

CLASIFICACION EXIGIDA:

PRAZO DE EXECUCION: 6

MAXIMO

14.457,64

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | (A) PRECIO (75) | (B) MELLORAS (20) | | (C) P. DIVULGACIÓN (5) | CRITERIO DESEMPATE | % BAIXA | | TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) | Oferta (m pavimentar e sinalizar) | €/M // CUSTE (€) menos % baixa 44,94 | Oferta ( sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado | Plantel / Discapacitados | % | % | |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | A | 267.652,00 € | 0,00 | 0,00 | 5.800,00 € | 36/1 | 76,50% | 23,50% | 267.652,00 € |
| 2 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | A | 349.690,00 € | 2.300,00 | 103.310,32 | 14.450,00 € | 191/4 | 99,95% | 0,05% | 246.379,68 € |
| 3 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 325.490,00 € | 5,00 | 209,04 | 100,00 € | 24/0 | 93,03% | 6,97% | 325.280,96 € |
| 4 | CANTERAS ISIDRO OTERO SL | | 307.540,12 € | 10,00 | 395,02 | 200,00 € | 9/0 | 87,90% | 12,10% | 307.145,10 € |
| 5 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 308.677,22 € | 244,00 | 9.674,74 | 2.269,85 € | 85/1 | 88,23% | 11,77% | 299.002,48 € |
| 6 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | B | 261.834,01 € | 0,00 | 0,00 | 1.156,61 € | 181/3 | 74,84% | 25,16% | 261.834,01 € |
| 7 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 269.347,00 € | 218,00 | 7.541,67 | 867,46 € | 12/0 | 76,98% | 23,02% | 261.805,33 € |
| 8 | VAZPER 3 SL | | 279.900,00 € | 50,00 | 1.797,60 | 500,00 € | 23/1 | 80,00% | 20,00% | 278.102,40 € |

Efectuouse, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), á comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA (A-B) |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | A | 267.652,00 € |
| 2 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | A | 246.379,68 € |
| 3 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 325.280,96 € |
| 4 | CANTERAS ISIDRO OTERO SL | | 307.145,10 € |
| 5 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 299.002,48 € |
| 6 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | B | 261.834,01 € |
| 7 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 261.805,33 € |
| 8 | VAZPER 3 SL | | 278.102,40 € |

| MEDIA | NOVA MEDIA |
|---|---|
| 286.285,99 | 278.487,00 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA | NOVA BAIXA |
|---|---|
| 257.657,39 | 250.638,30 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 314.914,59 |

| Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo: |
|---|
| OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU |
| FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL |

A vista do anterior, observándose que a oferta presentada pola mercantil PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, a mesa acordou, que polo Servizo de Contratación e Fomento, se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia ao contratista indicado para que xustifique a súa oferta e se solicite o asesoramento e informes do Servizo correspondente.

A Mesa de Contratación en reunión celebrada o día 08 de abril de 2019, tomou coñecemento do informe emitido polo Servizo de Contratación e Fomento, en relación co requirimento á empresa PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU, cuxa oferta incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa. En dito informe contéñense, entre outros, os seguintes extremos:

“(...)

solicitouse da empresa a súa xustificación, concedéndolle un prazo de 10 días hábiles, a través de escrito de data 07 de marzo de 2019, achegado polo canle do correo electrónico autorizado polo licitador, con confirmación de lectura do día 08 de marzo de 2018.

A empresa PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU, por escrito de data 22 de marzo de 2019, presentou xustificación no prazo outorgado, que unha vez recibida foi remitida ao Servizo de vías e obras da Deputación, para que emitira informe no prazo mais breve posible.

Polo Servizo de Vías e Obras, en data 02 de abril de 2019, achégase informe en relación coa xustificación da oferta da mercantil PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU, no que, entre outros, constan os seguintes extremos:

“(...)

Que a documentación aportada pola citada empresa non explica satisfactoriamente o baixo nivel dos prezos ou costes propostos en ningún dos aspectos referidos no texto legal:

Aforro que permita o procedemento de fabricación ou método de construción.

Solucións técnicas adoptadas ou condicións excepcionalmente favorables de que se dispoña para subministrar os produtos ou executar as obras.

Innovación ou orixinalidade das solucións propostas, para subministrar os produtos ou executar as obras.

Respecto das obrigas que resulten aplicables en materia medioambiental, social ou laboral, e de subcontratación.

A posible obtención dunha axuda do Estado.

Conclusión

Elévase o presente informe a trámite e consideración da Mesa de Contratación, si ben polo técnico que subscribe non se considera suficientemente xustificada a oferta anormalmente baixa da empresa PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU”.

Tendo en conta o anterior, infórmase á mesa, a xuízo do que subscribe, que procedería o seguinte:

Rexeitar, en base ao informe técnico, a oferta da mercantil PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión.

Realizar a valoración do resto das ofertas admitidas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra.

Pola Mesa, por unanimidade acordase aceptalo e en consecuencia facelo seu, unindo á presente Acta, polo que se procede á valoración do resto das ofertas, mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do

Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | PRECIO (75) | | MELLORAS (20) | | P. DIVULGACIÓN (5) | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Oferta | Ptos | Oferta (m pavimentar e sinalizar) | Ptos | Oferta (máximo 5% v. estimado) | Ptos | PUNTOS |
| 1 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | A | 267.652,00 € | 70,04 | 0,00 | 0,00 | 5.800,00 € | 5,00 | 75,04 |
| 2 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 325.490,00 € | 20,77 | 5,00 | 0,41 | 100,00 € | 0,09 | 21,27 |
| 3 | CANTERAS ISIDRO OTERO SL | | 307.540,12 € | 36,06 | 10,00 | 0,82 | 200,00 € | 0,17 | 37,05 |
| 4 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 308.677,22 € | 35,10 | 244,00 | 20,00 | 2.269,85 € | 1,96 | 57,06 |
| 5 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | B | 261.834,01 € | 75,00 | 0,00 | 0,00 | 1.156,61 € | 1,00 | 76,00 |
| 6 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 269.347,00 € | 68,60 | 218,00 | 17,87 | 867,46 € | 0,75 | 87,22 |
| 7 | VAZPER 3 SL | | 279.900,00 € | 59,61 | 50,00 | 4,10 | 500,00 € | 0,43 | 64,14 |

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 12 de abril de 2019 adoptouse a seguinte resolución:

“(...)

Rexeitar, en base ao informe técnico, a oferta da mercantil PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU, elevando ao órgano de contratación proposta de exclusión

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|
| 1 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 87,22 |
| 2 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | B | 76,00 |
| 3 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | A | 75,04 |
| 4 | VAZPER 3 SL | | 64,14 |
| 5 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 57,06 |
| 6 | CANTERAS ISIDRO OTERO SL | | 37,05 |
| 7 | DESARROLLOS Y METAS SL | | 21,27 |

Requirir ao contratista EXPLOTACIONES GALLEGAS SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito de data 17 de abril de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 23-04-2019, foi requirida a mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 11.130,04 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, achegou a través de escrito de data 30 de abril de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra A FONSAGRADA-BALEIRA.- Rehabilitación de firme LU-P-0408 "Córneas (LU-P-0401)-Freixo-A Lastra (LU-530)", 5+195 al 11+157 Y LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)- O Ventorrillo- Chao de Vaga (LU-P-4606)", 4+355 al 4+960 e 10+500 al 11+500 conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 18 de xaneiro de

2019, á mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, representada por D. Alberto López Martín, no prezo de 269.347,00 € dos cales 46.746,17 € son de IVE; unha mellora de obra consistente en 218 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP melloras e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 867,46 € e 182,17€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar a execución da obra A FONSAGRADA- BALEIRA. Rehabilitación de firme LU-P-0408 "Córneas (LU-P-0401)-Freixo- A Lastra (LU-530)", 5+195 al 11+157 Y LU-P-1911 "Mesón Novo (LU-703)-O Ventorrillo- Chao de Vaga (LU-P-4606)", 4+355 al 4+960 e 10+500 al 11+500, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 18 de xaneiro de 2019, á mercantil EXPLOTACIONES GALLEGAS SL, representada por D. Alberto López Martín, no prezo de 269.347,00 € dos cales 46.746,17 € son de IVE; unha mellora de obra

consistente en 218 metros de lonxitude a pavimentar e sinalizar horizontalmente, coas características definidas na cláusula 12.2 do prego de CAP melloras e un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 867,46 € e 182,17€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas así como as melloras ofertadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**2º**.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**3º**.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**4º**.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DA OBRA DE LUGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2901 "LU-232-O BURGO-PALAS DE REI (N-547)", P.K. 0+000 A 3+300, LU-P-2902 "LUGO-PONTE DE OMBREIRO (LU-234)", P.K. 7+500 A 8+175, LU-P-2903 "CARBALLIDO (LU-232)-SANTALLA DE BÓVEDA-POUTOMILLOS (LU-P-2901)", P.K. 0+000 A 2+300,**

**LU-P-2910 "TOLDA DE CASTELA (N-VI)-CANTEIRAS DE BURATAI", P.K. 1+620 A 2+150 E LU-P-2913 "COESES (LU-P-2907-TERLAMA)", P.K. 1+100 A 4+300.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

**"**Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento no que, entre outros, se conteñen os seguintes extremos:

"(...)

Por acordo da Xunta de Goberno de data 15 de febreiro de 2019, aprobouse o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, proxecto técnico, expediente de contratación e procedemento de adxudicación con un orzamento de licitación de 554.650,00€, dos cales 96.261,57€ son de IVE, correspondente á obra**:** LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 "LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)", P.K. 0+000 a 3+300, LU-P-2902 "Lugo- Ponte de Ombreiro (LU-234)", P.K. 7+500 a 8+175, LU-P-2903 "Carballido (LU-232)- Santalla de Bóveda- Poutomillos (LU-P-2901)", P.K. 0+000 a 2+300, LU-P-2910 "Tolda de Castela (N-VI)- Canteiras de Buratai", P.K. 1+620 a 2+150 e LU-P-2913 "Coeses (LU-P-2907-Terlama)", P.K. 1+100 a 4+300. Por anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 22 de febreiro de 2019, abriuse prazo de 26 días naturais para a recepción de documentación e ofertas para a contratación da obra por procedemento aberto e mediante tramitación ordinaria.

En reunión celebrada Pola Mesa de contratación con data 08 de abril de 2019 deuse conta das empresas presentadas, así como as datas na que presentaron as ofertas, á licitación da obra identificada como LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 "LU-232- O Burgo- Palas de Rei (N-547)", P.K. 0+000 a 3+300, LU-P-2902 "Lugo- Ponte de Ombreiro (LU-234)", P.K. 7+500 a 8+175, LU-P-2903 "Carballido (LU-232)-Santalla de Bóveda- Poutomillos (LU-P-2901)", P.K. 0+000 a 2+300, LU-P-2910 "Tolda de Castela (N-VI)-Canteiras de Buratai", P.K. 1+620 a 2+150 e LU-P-2913 "Coeses (LU-P-2907-Terlama)", P.K. 1+100 a 4+300,segundo anuncio publicado na plataforma de Contratación do Sector Público o 22 de febreiro de 2019 e de acordo coa información reportada pola plataforma de Contratación do Sector Público. A mesa acordou, por

unanimidade, admitir inicialmente ás empresas presentadas. De seguido procedeuse á apertura e exame do arquivo dixital “1” e exame da documentación administrativa presentada polas empresas admitidas á licitación correspondente á obra citada, e non observándose deficiencias na mesma, acordase por unanimidade aceptalas a todas. A continuación, de orde da Presidencia, procedeuse á apertura do arquivo dixital “2”, contendo as proposicións para a licitación, co seguinte resultado:

LUGO.- REHABILITACIÓN DE FIRME LU-P-2901 "LU-232-O BURGO-PALAS DE REI (N-547)", PK 0+000 A 3+300, LU-P-2902 "LUGO-PONTE DE OMBREIRO (LU-234)", PK 7+500 A 8+175, LU-P-2903 "CARBALLIDO (LU-232) - SANTALLA DE BÓVEDA-POUTOMILLOS (LU-P-2901)", PK 0+000 A 2+300, LU-P-2910 "TOLDA DE CASTELA (N-VI)-CANTEIRAS DE BURATAI", PK 1+620 A 2+150 E LU-P-2913 "COESES (LU-P-2907-TERLAMA)", PK 1+100 A 4+300

| | | | | | | | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ORZAMENTO BASE LICITACIÓN (IVE incluído) | 554.650,00 | | | MELLORAS | | | |
| VALOR ESTIMADO | 458.388,43 | 96.261,57 | DE IVE (partida independente) | IMP. SIN IVE | 31,10 | IMP CON IVE | 44,78 |
| CLASIFICACION EXIGIDA: | NO | | | IMP. GX e BI | 37,01 | | |
| PRAZO DE EXECUCION: | 6 | | MAXIMO 22.919,42 | | | | |

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | (A) PRECIO (75) | (B) MELLORAS (20) | | (C) P. DIVULGACIÓN (5) | CRITERIO DESEMPATE | % BAIXA | | TOTAL CUSTE OFERTA (para calcular baixa desproporcionada) (A-B) |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | PREZO ( IVE incluído .- art 102 ) | Oferta (m pavimentar e sinalizar) | €/M // CUSTE (€) menos % baixa | Oferta ( sen IVE) (MAX. 5% S/ V. Estimado | Plantel / Discapacitados | | | |
| | | | | | 44,78 | | | % | % | |
| 1 | ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | | 459.504,72 € | 200,00 | 7.420,05 | 9.167,77 € | 119/3 | 82,85% | 17,15% | 452.084,67 € |
| 2 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 486.372,59 € | 200,00 | 7.853,52 | 9.167,77 € | 13/0 | 87,69% | 12,31% | 478.519,07 € |
| 3 | CANTERAS ISIDRO OTERO SL | | 465.517,75 € | 50,00 | 1.879,19 | 200,00 € | 9/0 | 83,93% | 16,07% | 463.638,56 € |
| 4 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 423.253,16 € | 0,00 | 0,00 | 0,00 € | 45/1 | 76,31% | 23,69% | 423.253,16 € |
| 5 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL | | 451.207,79 € | 625,00 | 22.767,83 | 22.919,00 € | 178/4 | 81,35% | 18,65% | 428.439,96 € |
| 6 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 436.952,78 € | 400,00 | 14.111,07 | 0,00 € | 6/0 | 78,78% | 21,22% | 422.841,71 € |
| 7 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 428.344,01 € | 312,65 | 10.812,56 | 2.479,34 € | 13/0 | 77,23% | 22,77% | 417.531,45 € |
| 8 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | B | 417.334,00 € | 0,00 | 0,00 | 2.479,34 € | 190/3 | 75,24% | 24,76% | 417.334,00 € |
| 9 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 478.524,29 € | 453,00 | 17.502,19 | 4.194,25 € | 86/1 | 86,28% | 13,72% | 461.022,10 € |
| 10 | OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS SA | | 462.522,64 € | 500,00 | 18.671,02 | 22.919,42 € | 88/1 | 83,39% | 16,61% | 443.851,62 € |
| 11 | OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL | | 466.682,51 € | 500,00 | 18.838,95 | 22.919,42 € | 16/0 | 84,14% | 15,86% | 447.843,56 € |
| 12 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | C | 430.881,00 € | 0,00 | 0,00 | 0,00 € | 37/1 | 77,69% | 22,31% | 430.881,00 € |
| 13 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | C | 542.080,00 € | 2.400,00 | 105.032,39 | 22.900,00 € | 194/4 | 97,73% | 2,27% | 437.047,61 € |
| 14 | TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 460.359,50 € | 250,00 | 9.291,85 | 7.454,55 € | 38/1 | 83,00% | 17,00% | 451.067,65 € |

Mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), efectuouse a comprobación de si algunha oferta puidera considerarse desproporcionada ou anormalmente baixa consonte cos criterios establecidos no artigo 85 do RXLCAP, e de acordo co establecido no artigo 149 LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS | | | OFERTA (A-B) |
|---|---|---|---|
| | | | Oferta |
| 1 | ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | | 452.084,67 € |
| 2 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 478.519,07 € |
| 3 | CANTERAS ISIDRO OTERO SL | | 463.638,56 € |
| 4 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 423.253,16 € |
| 5 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL | | 428.439,96 € |
| 6 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 422.841,71 € |
| 7 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 417.531,45 € |
| 8 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | B | 417.334,00 € |
| 9 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 461.022,10 € |
| 10 | OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS SA | | 443.851,62 € |
| 11 | OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL | | 447.843,56 € |
| 12 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | C | 430.881,00 € |
| 13 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | C | 437.047,61 € |
| 14 | TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 451.067,65 € |

| MEDIA |
|---|
| 445.229,45 |

| BAIXA DESPROPORCIONADA |
|---|
| 400.706,50 |

| 10% ARRIBA |
|---|
| 489.752,39 |

| Non se teñen en conta a efectos de cálculo de baixa desproporcionada por pertenza con outra empresa a un mesmo grupo: |
|---|
| CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL |
| EXPLOTACIONES GALLEGAS SL |
| PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU |

A vista do anterior, observándose que ningunha das ofertas incorre en baixa desproporcionada ou anormalmente baixa, desenvolvese a valoración das ofertas mediante aplicación informática Excel (folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas na cláusula 12 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da execución da obra. Unha vez feita a valoración, obtívose o seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | PRECIO (75) | | MELLORAS (20) | | P. DIVULGACIÓN (5) | | TOTAL |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| | | | Oferta | Ptos | Oferta (m pavimentar e sinalizar) | Ptos | Oferta (máximo 5% v. estimado) | Ptos | PUNTOS |
| 1 | ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | | 459.504,72 € | 51,97 | 200,00 | 1,67 | 9.167,77 € | 2,00 | 55,64 |
| 2 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 486.372,59 € | 37,29 | 200,00 | 1,67 | 9.167,77 € | 2,00 | 40,96 |
| 3 | CANTERAS ISIDRO OTERO SL | | 465.517,75 € | 48,68 | 50,00 | 0,42 | 200,00 € | 0,04 | 49,14 |
| 4 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 423.253,16 € | 71,77 | 0,00 | 0,00 | 0,00 € | 0,00 | 71,77 |
| 5 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL | | 451.207,79 € | 56,50 | 625,00 | 5,21 | 22.919,00 € | 5,00 | 66,71 |
| 6 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 436.952,78 € | 64,28 | 400,00 | 3,33 | 0,00 € | 0,00 | 67,61 |
| 7 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 428.344,01 € | 68,99 | 312,65 | 2,61 | 2.479,34 € | 0,54 | 72,14 |
| 8 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | B | 417.334,00 € | 75,00 | 0,00 | 0,00 | 2.479,34 € | 0,54 | 75,54 |
| 9 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 478.524,29 € | 41,58 | 453,00 | 3,78 | 4.194,25 € | 0,91 | 46,27 |
| 10 | OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS SA | | 462.522,64 € | 50,32 | 500,00 | 4,17 | 22.919,42 € | 5,00 | 59,49 |
| 11 | OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL | | 466.682,51 € | 48,05 | 500,00 | 4,17 | 22.919,42 € | 5,00 | 57,22 |
| 12 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | C | 430.881,00 € | 67,60 | 0,00 | 0,00 | 0,00 € | 0,00 | 67,60 |
| 13 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | C | 542.080,00 € | 6,87 | 2.400,00 | 20,00 | 22.900,00 € | 5,00 | 31,87 |
| 14 | TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 460.359,50 € | 51,50 | 250,00 | 2,08 | 7.454,55 € | 1,63 | 55,21 |

Polo que antecede, a Mesa, por unanimidade, acordou elevar ao órgano de contratación as Actas e demais documentación para que, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP proceda á clasificación, por orde decrecente, das propostas e requirir ao licitador que presentara a oferta mais vantaxosa para que dentro do prazo de 10 días hábiles presente a documentación establecida na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación da obra.

Tendo en conta o acordado pola Mesa de Contratación, pola Presidencia, en data 12 de abril de 2019 adoptouse a seguinte resolución:

"(...)

Clasificar, por orde decrecente, as propostas presentadas e non declaradas desproporcionadas ou anormalmente baixas, de acordo co establecido no artigo 150 da LCSP, co seguinte resultado:

| EMPRESAS / (GRUPO) | | | TOTAL PUNTOS |
|---|---|---|---|
| 1 | FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL | B | 75,54 |
| 2 | EXPLOTACIONES GALLEGAS SL | B | 72,14 |
| 3 | CONSTRUCCIONES LEONARDO MIGUÉLEZ SL | A | 71,77 |
| 4 | EXCAVACIONES SANTIÑOS SL | A | 67,61 |
| 5 | OVISA PAVIMENTOS Y OBRAS SLU | C | 67,60 |
| 6 | CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS SL | | 66,71 |
| 7 | OBRAS, CAMINOS Y ASFALTOS SA | | 59,49 |
| 8 | OBRAS, PAVIMENTOS E INSTALACIONES INDUSTRIALES SL | | 57,22 |
| 9 | ARIAS INFRAESTRUCTURAS SA | | 55,64 |
| 10 | TA ISIDRO HNOS BLANCO TRIGO SL | | 55,21 |
| 11 | CANTERAS ISIDRO OTERO SL | | 49,14 |
| 12 | GRUPO BASCUAS 2008 SL | | 46,27 |
| 13 | ASFALGAL TÉCNICAS VIARIAS SL | | 40,96 |
| 14 | PROBISA VÍAS Y OBRAS SLU | C | 31,87 |

Requirir ao contratista FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL por ser a oferta máis vantaxosa, para que, no prazo de 10 días hábiles, presente a documentación establecida na Cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares polo que se rexe a contratación destas obras.

Por escrito con rexistro de data 17 de abril de 2019 (achegado por correo electrónico, con confirmación de lectura do 23-04-2019, foi requirida a mercantil FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL para que presentase a documentación establecida na cláusula 17 do Prego e a garantía definitiva por importe de 17.245,21 euros, concedéndolle a tal efecto, un prazo de 10 días hábiles.

A mercantil FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL, achegou a través de escrito de data 30 de abril de 2019 a indicada documentación.

En consecuencia e segundo o establecido no Prego de CAP polo que se rexe a contratación da obra, e unha vez emitido informe de fiscalización favorable polo Servizo de Intervención procede, a xuízo do que subscribe, que de acordo co establecido no art. 150 da LCSP polo Órgano de Contratación se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar a execución da obra LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 "LU-232- O Burgo-Palas de Rei (N-547)", P.K. 0+000 a 3+300, LU-P-2902 "Lugo-Ponte de Ombreiro (LU-234)", P.K. 7+500 a 8+175, LU-P-2903 "Carballido (LU-232)- Santalla de Bóveda- Poutomillos (LU-P-2901)", P.K. 0+000 a 2+300, LU-P-2910 "Tolda de Castela (N-VI)- Canteiras de Buratai", P.K. 1+620 a 2+150 e LU-P-2913 "Coeses (LU-P-2907-Terlama)", P.K. 1+100 a 4+300, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 15 de febreiro de 2019, á mercantil FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL, representada por D. Alberto López Martín, no prezo de 417.334,00 € dos cales 72.429,87 € son de IVE; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de  2.479,34 € e 520,66€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas, de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma.

Esta Presidencia, a vista do expediente tramitado e unha vez fiscalizado o gasto pola Intervención, propón á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

**1º**.- Adxudicar a execución da obra LUGO.- Rehabilitación de firme LU-P-2901 "LU-232-O Burgo-Palas de Rei (N-547)", P.K. 0+000 a 3+300, LU-P-2902 "Lugo-Ponte de Ombreiro (LU-234)", P.K. 7+500 a 8+175, LU-P-2903 "Carballido (LU-232)-Santalla de Bóveda- Poutomillos (LU-P-2901)", P.K. 0+000 a 2+300, LU-P-2910 "Tolda de Castela (N-VI)- Canteiras de Buratai", P.K. 1+620 a 2+150 e LU-P-2913 "Coeses (LU-P-2907-Terlama)", P.K. 1+100 a 4+300, conforme ao proxecto técnico aprobado pola Xunta de Goberno en data 15 de febreiro de 2019, á mercantil FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA SL, representada por D. Alberto López Martín, no prezo de 417.334,00 € dos cales 72.429,87 € son de IVE; un programa de divulgación e posta en valor das obras executadas por importe de 2.479,34 € e 520,66€ de IVE, e un prazo de execución de 6 meses.

O adxudicatario cumprirá as determinacións do PCAP e do PPT e as derivadas da súa oferta, incluída no expediente. Son condicións especiais de execución, ás que se lle atribúe o carácter de obrigas contractuais esenciais aos efectos do artigo 211.f da LCSP, e polo tanto terán esta condición, as seguintes: o importe adicado ao programa de divulgación e posta en valor das obras executadas de acordo co establecido na cláusula 22.3 do PCAP.

Constitúe condición esencial de execución, nos termos do artigo 216 da LCSP, o pagamento aos subcontratistas nos termos da cláusula 22.2 do PCAP.

**2º**.- Requirir o adxudicatario para a formalización do contrato en documento administrativo de acordo co establecido no art. 153 da LCSP.

**3º**.- Facultar á Presidencia para asinar o documento administrativo contractual.

**4º**.- Determinar que no caso de ser necesaria licenza ou autorizacións para a execución da obra deberán de proverse da mesma antes da iniciación da mesma".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Antes de comezar a tratar o seguinte asunto incorpórase a Sra. Deputada Dª. Mª. del Pilar García Porto, sendo as 11 horas e trinta minutos.

**8.- ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE MARQUESIÑAS NA REDE VIARIA PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Visto o Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que se recollen as seguintes consideracións xurídicas:

Incóase expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación da subministración e instalación de marquesiñas para a rede viaria provincial.

O obxecto do contrato non está excluído do ámbito de aplicación do LCSP  xa que non figura en ningún dos supostos recollidos no seu art. 4 e 11, como negocios xurídicos excluídos.

Ao contrato élle de aplicación a LCSP, xa que a Deputación provincial de Lugo, é unha das entidades recollidas no seu artigo 3.1.a.

Recóllese na cláusula primeira do prego de cláusulas administrativas, que se trata dun contrato administrativo, en aplicación do artigo 25 da LCSP.

O contrato definido ten a cualificación de contrato mixto, a tenor do establecido no artigo 18 da LCSP, en relación co disposto no artigo 34.2 da LCSP e de acordo coa cláusula 2.2 do PCAP, na que se recolle que "engloba prestacións dun contrato de subministración dos recollidos no artigo

16.3.a) da LCSP (por tratarse dun contrato en que o empresario se compromete a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude no momento de subscribir o contrato, por estaren subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente), e dun contrato de obras, entendendo por obra, de conformidade co artigo 13 da LCSP a realización de traballos que modifiquen a forma ou substancia do chan ou do seu vó, ou de mellora do medio físico ou natural.

Ambas prestacións se atopan directamente vinculadas entre si por unha relación de complementariedade e esixen a consideración e tratamento como unha unidade funcional dirixida á consecución dun único fin institucional propio da entidade contratante. Trátase de unidades complementarias non separables, posto que subministración perde a súa funcionalidade se non se produce posteriormente a correcta instalación; e tanto as unidades de obra a executar como as anclaxes varían dependendo da tipoloxía da marquesiñas que se adquiran".

O anuncio de licitación foi publicado no Perfil do Contratante da Deputación Provincial de Lugo (aloxado na plataforma de contratos do sector público) o día 17 de xaneiro de 2018. Xunto co anuncio de licitación publícanse os pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas e resto de documentación preparatoria.

Recóllese no PCAP que o contrato será adxudicado mediante tramitación ordinaria, procedemento aberto (con pluralidade de criterios de adxudicación), de acordo co establecido nos artigos 116.4.a) e 131.2 da LCS como procedemento ordinario de adxudicación, nos termos do artigo 131 da citada lei, de acordo cos principios de igualdade, transparencia e libre competencia recollidos no artigo 132 da LCSP e de conformidade coa aplicación dos criterios que se detallan no PCAP para a determinación da mellor oferta e de acordo cos artigos 145 e 146 da LCSP.

Motívase a elección do procedemento e sistema indicados, en atención a forma ordinaria que a estes efectos establece o art. 131 da LCSP. En consideración ó indicado, así como en cumprimento do disposto polos arts. 145 e 146 da LCSP, os criterios de adxudicación, reflíctanse debidamente puntuados, na cláusula 12ª do prego de cláusulas administrativas.

A mesa de contratación reúnese o día 08-02-2019. Neste acto, segundo consta na acta que obra no expediente, en primeiro lugar deuse conta, que segundo os datos que constan na Plataforma de Contratación do Sector Público, os licitadores presentados dentro do prazo a este procedemento foron BRINCATEL ESPAÑA S.L, TINASTUR S.C.L. e GALLAZ JOMA S.L.

Tendo en conta que as empresas concorrentes presentan en tempo e forma a súa respectiva proposta, procédese á apertura e exame do sobre electrónico “A”, documentación administrativa; resultando que as empresas presentan as declaracións responsables esixidas nos pregos de cláusulas administrativas debidamente asinadas e seladas: a mesa de contratación acorda admitir as propostas das mesmas ao proceso de adxudicación.

Acto seguido procédese á apertura dos Sobres B das propostas presentadas.

Tendo en conta que na cláusula 16.2 do PCAP se recolle que: “No relativo ao sobre B, a Mesa de Contratación solicitará informe técnico (de conformidade co establecido nos artigos 146.2.b, 150.1 e 157.5 da LCSP), co obxecto de verificar que a memoria técnica ten o contido esixido na cláusula 8 do PPT, e xustifica o cumprimento das condicións establecidas no PPT como mínimas tanto para as marquesiñas a subministrar como para o procedemento de instalación. No caso de incumprir as determinacións establecidas no PPT, segundo o ditaminado no informe técnico, esa proposición será rexeitada. O resultado desa avaliación será “apta” ou “non apta”; a mesa de contratación acordou por unanimidade que o referido informe técnico sexa emitido por D. Pablo Rodríguez Fernández, vogal da mesa de contratación, polo que no mesmo acto se procede a remitirlle os sobres obxecto de estudo.

Na data do 15 de febreiro de 2019, reúnese novamente a mesa de contratación. Neste acto en primeiro lugar, dáse conta do informe técnico emitido por D. Pablo Rodríguez Fernández, vogal da mesa de contratación, requirido pola mesma co obxecto de verificar que a memoria técnica presentada, polas tres empresas concorrentes á licitación, ten o contido esixido na cláusula 8 do PPT, e xustifica o cumprimento das condicións establecidas no PPT como mínimas tanto para as marquesiñas a subministrar como para o procedemento de instalación. No informe técnico recóllese, de conformidade coa cláusula 16.2 do PCAP, que a oferta presentada polas tres empresas concorrentes se pode considerar apta.

Acto seguido procédese á apertura dos sobres C, cos seguintes resultados:

| LICITADOR | PREZO | MANTEMENTO E CONSERVACIÓN | AMPLIACIÓN DO PRAZO DE GARANTÍA | % DE TRABALLADORAS |
|---|---|---|---|---|
| BRICANTEL ESPAÑA S.L. | 2.190,10 € | 120 | 60 | 25,00 |
| TINASTUR S.C.L. | 1.666,17 € | 6 | 120 | 13,33 |
| GALLAZ JOMA S.L. | 2.072,73 € | 12 | 60 | 17,39 |

Á vista das propostas presentadas, procedeuse á comprobación de si algunha das ofertas admitidas á contratación da subministración de referencia presenta valores anormalmente baixos ou desproporcionados en aplicación do establecido no artigo 149.2 da LCSP, en relación co artigo 85 do RD 1098/2001 de 12 de outubro do RXCAP, e ao disposto na cláusula 13.1 e 13.2 do PCAP, cos seguintes resultados:

Polo que se refire ao criterio prezo, a cláusula 13.1, no seu apartado terceiro, recolle que será considerada en principio, anormalmente baixa, toda oferta económica, en canto o termo prezo, que estea dentro dos supostos seguintes:

“Cando concorran tres licitadores, as que sexan inferiores en máis de 10 unidades porcentuais á media aritmética das ofertas presentadas. Non obstante, excluirase para o cómputo da devandita media a oferta de contía máis elevada cando sexa superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media. En calquera caso, considerarase desproporcionada a baixa superior a 25 unidades porcentuais.”

Da aplicación das previsións recollidas no PCAP, e á vista das propostas presentadas, considérase en principio anormalmente baixa, toda oferta inferior a 1.682,50 euros (exclúese para o cálculo da media a proposta presentada por BRINCATEL ESPAÑA S.L. por ser superior en máis de 10 unidades porcentuais á devandita media).

Á vista dos cálculos realizados, e considerando que TINASTUR S.C.L. presenta unha oferta de 1.666,17 euros, a mesa de contratación acorda por unanimidade que polo Servizo de

Contratación e Fomento se tramite a concesión da apertura do trámite de audiencia á referida empresa (de conformidade co artigo 149.4 da LCSP), acordando solicitar o preceptivo informe técnico sobre a xustificación presentada pola empresa - de ser o caso - ao Arquitecto do Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos.

No relativo aos criterios "mantemento e conservación" e "ampliación do prazo de garantía", a cláusula 13.2 do PCAP, recolle que se entenderá que a proposición está incursa en presunción de anormalmente baixa ou desproporcionada respecto deste criterio, no caso de superar os 15 anos. A mesa de contratación constata que ningunha das propostas presentadas incorre neste suposto.

Segundo o acordado pola mesa, polo Servizo de Contratación, tendo en conta o establecido na cláusula 13 do PCAP, reitor da adxudicación da subministración, solicitouse da empresa a súa xustificación, a través de escrito remitido o día 21 de febreiro de 2019 ao interesado polo canle do correo electrónico autorizado polo licitador.

A empresa TINASTUR S.C.L. Astur, por escrito de data 07 de marzo de 2018, presentou xustificación no prazo outorgado, que unha vez recibida foi remitida ao Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos, para que emitira informe no prazo mais breve posible.

Polo Servizo de Cooperación e Asistencia aos Concellos achégase informe en relación coa xustificación da oferta da mercantil TINASTUR S.C.L. Astur o día 27 de marzo de 2019

A mesa de contratación reúnese o día 29 de marzo de 2019. Nesta ocasión dáse conta do informe emitido por D. Pablo Rodríguez Fernández, vogal da mesa de contratación, requirido pola mesa de contratación no que o informante recolle en síntese que:

"Vista la documentación adjunta y antes referenciada aportada por la empresa TINASTUR, y una vez analizada la misma con detalle, se destaca el exhaustivo análisis y desglose económico de todas y cada una de las partidas que componen e intervienen en la fabricación de las marquesinas, adjuntando copia de presupuestos y cartas de compromiso firmadas por todos los diferentes proveedores y fabricantes de las mismas"

Recóllese neste informe como conclusión, o seguinte:

"Visto el análisis anterior, y reiterándome en él, este Arquitecto concluye e informa, a los efectos oportunos, que se pueden considerar válidos los elementos de justificación aportados por la empresa TINASTUR S.C.L. ASTUR para la contratación de la suministración e instalación de marquesinas para la red viaria provincial, entendiéndose que la documentación remitida por dicha empresa justifica de forma satisfactoria el bajo nivel de los precios propuestos, razón por la cual se estima, en base exclusivamente a la referida documentación aportada, que la propuesta puede ser cumplida."

No mesmo acto dáse conta do Informe do Servizo de Contratación e Fomento no que en síntese se informa á mesa de contratación sobre a procedencia do seguinte:

Admitir, en base ao informe técnico, a oferta da mercantil TINASTUR S.C.L. Astur, elevando ao órgano de contratación proposta de admisión

Realizar a valoración das ofertas admitidas, que neste caso son todas, mediante aplicación informática Excel ( folla de cálculo), das fórmulas matemáticas establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares reitor da contratación.

Acto seguido procédese á valoración das ofertas cos seguintes resultados:

| NOTAS CRITERIO PREZO<br>MÁXIMO 85 PUNTOS | | |
|---|---|---|
| LICITADOR | OFERTA | NOTA |
| BRICANTEL ESPAÑA S.L. | 2.190,10 € | 27,38 |
| TINASTUR S.C.L. | 1.666,17 € | 85,00 |
| GALLAZ JOMA S.L. | 2.072,73 € | 40,28 |
| NOTAS CRITERIO GARANTÍA<br>MÁXIMO 5 PUNTOS DESPROPORCIONADA 15 ANOS (180 MESES) | | |

| LICITADOR | OFERTA | NOTA |
|---|---|---|
| BRICANTEL ESPAÑA S.L. | 60 | 2,50 |
| TINASTUR S.C.L. | 120 | 5,00 |
| GALLAZ JOMA S.L. | 60 | 2,50 |
| NOTAS CRITERIO MANTEMENTO E CONSERVACIÓN MÁXIMO 8 PUNTOS DESPROPORCIONADA 15 ANOS (180 MESES) | | |
| LICITADOR | OFERTA | NOTA |
| BRICANTEL ESPAÑA S.L. | 120 | 8,00 |
| TINASTUR S.C.L. | 6 | 0,40 |
| GALLAZ JOMA S.L. | 12 | 0,80 |
| NOTAS CRITERIO FOMENTO DA CONTRATACIÓN FEMININA MÁXIMO 2 PUNTOS | | |
| LICITADOR | OFERTA | NOTA |
| BRICANTEL ESPAÑA S.L. | 25,00 | 2 |
| TINASTUR S.C.L. | 13,33 | 1,07 |
| GALLAZ JOMA S.L. | 17,39 | 1,39 |
| NOTAS TOTAIS | | |
| LICITADOR | | NOTA |
| BRICANTEL ESPAÑA S.L. | | 39,88 |
| TINASTUR S.C.L. | | 91,47 |
| GALLAZ JOMA S.L. | | 44,97 |

A mesa de contratación acordou elevar ao órgano de contratación a seguinte proposta:

Clasificar aos licitadores presentados atendendo ao seguinte orde de importancia e ponderación:

| LICITADOR | NOTA |
|---|---|
| TINASTUR S.C.L. | 91,47 |
| GALLAZ JOMA S.L. | 44,97 |
| BRICANTEL ESPAÑA S.L. | 39,88 |

Requirir á empresa TINASTUR S.C.L., para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas.

Por resolución da Presidencia de data 05 de abril de 2019, acéptase a proposta feita pola mesa de contratación o día 28 de marzo de 2019, e consecuentemente clasificouse aos licitadores

presentados por orde de importancia e ponderación e acordouse requirir á empresa TINASTUR S.C.L. ASTUR. para que, dentro do prazo de dez días hábiles, presente a documentación á que se refiren os artigos 150.2 e 153.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e que se recolle na cláusula décimo sétima do prego de cláusulas administrativas. O día 10 de abril, o Servizo de Contratación e Fomento cursou o pertinente requirimento.

O día 24 de abril de 2019 a empresa TINASTUR S.C.L. ASTUR atendeu ó requirimento de documentación administrativa efectuado complementado con documentación achegada o 29 de abril de 2019. No PCAP prevese o trámite adicional de subsanación de documentación.

De conformidade co prego de cláusulas administrativas, os artigos 61.1 e 61.2 da LCSP, e, en virtude das competencias atribuídas pola disposición adicional segunda do mesmo texto legal, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación provincial de Lugo é a Xunta de Goberno no que se refire á aprobación do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares, e de Prescricións Técnicas, así como para aprobación do gasto, a adxudicación, a interpretación, modificación e resolución do contrato, nos termos do artigo 59 apartados 8 e 12 do ROD (Regulamento Orgánico da Deputación Provincial, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011: aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018."

Polo que vai dito e en base ao mesmo, e tendo en conta que a empresa TINASTUR S.C.L. ASTUR., aportou a documentación administrativa requirida dentro dos prazos outorgados ao efecto, proponse, que pola Xunta de Goberno, se adopte o seguinte acordo:

Adxudicar o contrato de subministración e instalación de marquesiñas para a rede viaria provincial, a favor da empresa TINASTUR S. COOP. LTDA ASTUR., actuando como representante da mesma D. Roberto Fernández Pérez, por importe total de 199.998,82 euros (IVE incluído). O prezo unitario de cada marquesina ascende a 1.377,00 euros aos que se engadirán 289,17 euros en concepto de IVE, o que fai un total de 1.666,17 euros, por marquesiña a subministrar e instalar, nas condicións establecidas nos respectivos pregos de condicións.

Recóllese na cláusula cuarta do PCAP que ao non estar definida con exactitude a contía total do contrato ao tempo da celebración do mesmo, por estar en función das necesidades da

Administración contratante, a licitación adxudicarase polo orzamento máximo (orzamento de licitación), podendo adquirir a administración contratante o número de marquesiñas que precise ata o referido límite orzamentario.

O adxudicatario se compromete a manter e conservar as marquesiñas por un prazo de 6 meses dende que se efectúe a instalación e oferta unha garantía mínima de 180 meses (resultado de sumar aos cinco anos de mínimo fixados nos pregos os 120 meses de mellora ofrecidos polo adxudicatario), a contar dende que se efectúe a instalación.

A prestación executarase nos termos fixados no PCAP, no PPT e respetando en todo caso as melloras ofertadas polo adxudicatario .

O contrato terá unha duración de tres meses, a contar dende a data de sinatura da acta de inicio, ou no seu defecto, dende a formalización do contrato. O prazo de execución en relación coa entrega e instalación da marquesiña é de 15 días, dende a notificación por parte da Deputación, á empresa adxudicataria de que o Concello conta coas licenzas e autorizacións precisas para a instalación.

Publicar no sitio web de la Deputación de Lugo no menú servizos- perfil do contratante (http://www.deputacionlugo.org/ ou www.contrataciondelestado.es ), e notificar aos interesados a adxudicación de acordo co previsto nos artigos 54 e 151 do LCSP

Instar, de conformidade co disposto no artigo 153.3 *in fine* da LCSP, á formalización en documento administrativo da presente contratación, na data que a Administración contratante sinale no anuncio de adxudicación, e que terá lugar dentro do prazo máximo dos quince días hábiles seguintes a aquel en que se realice a notificación da adxudicación".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE MODIFICACIÓN DO CONTRATO ADMINISTRATIVO DE MANTEMENTO DAS INSTALACIÓNS TÉRMICAS**

**E O CONTROL E PREVENCIÓN DE LEXIONELOSE NOS DISTINTOS CENTROS PERTENCENTES A ESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Antecedentes Administrativos

Incoouse expediente administrativo coa finalidade de proceder á contratación do mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, coas características especificadas no prego de cláusulas administrativas e nos pregos de prescricións técnicas, aprobados pola Xunta de Goberno, en sesión ordinaria, celebrada con data 10 de marzo de 2017.

Unha vez realizados os trámites procedentes, por acordo da Xunta de Goberno en sesión de data 27 de outubro do 2017, procedeuse a adxudicar á empresa CLECE S.A., o contrato de mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, por un prezo total de 77.879,55 euros, aos que se engadirán 25.195,80 euros en concepto de IVE, o que ascende a un total de 94.234,26 euros, atendendo ao seguinte desglose:

| CENTRO | PREZO (Dous anos, I.V.E. incluído) |
|---|---:|
| PALACIO PROVINCIAL | 16.400,45 |
| MUSEO PROVINCIAL | 16.400,45 |
| PAZO DOS DEPORTES | 16.400,45 |
| SANTA MARÍA | 16.400,45 |
| TIC ESCOLA DE IMAXE E SON | 5.876,83 |
| TIC TV | 4.783,47 |
| RESIDENCIA MIÑO | 6.833,52 |
| CENTRO DE I. RIO RATO | 820,02 |
| PAZO DE TOR (Museo) | 1.503,37 |
| PAZO DE TOR (Medio Ambiente) | 1.366,70 |
| RECAUDACIÓN | 2.050,06 |
| GRANJA GAYOSO CASTRO | 3.416,76 |
| SAN PAIO DE NARLA | 136,67 |
| MUSEO DO MAR | 136,67 |
| OFICINAS DE SANTO DOMINGO | 136,67 |
| PARQUE MÓVIL | 273,34 |
| ESCOLA DE PIRAGUISMO | 615,02 |
| TALLER DE CESTERÍA | 683,36 |

Na data do 31 de outubro de 2017 procedeuse a formalización do contrato en documento administrativo. Tal e como se establece no contrato asinado, os efectos do contrato extendense dende o día 01 de novembro de 2017, ata o día 31 de outubro de 2019.

O contrato poderá ser obxecto de prórroga, de conformidade co establecido no artigo 303 do TRLCSP, sen que a duración total do mesmo, incluída a prórroga, exceda de tres anos. Así se prevé tanto na cláusula quinta do PCAP, como na cláusula segunda do propio contrato administrativo.

O Servizo de Contratación e Fomento recibe escrito do Servizo de Arquitectura, onde textualmente se di:

“La Diputación Provincial de Lugo ha previsto la próxima apertura de los siguientes Centros de Atención a Mayores (residencias y centros de día):

- Residencia y Centro de Día de Mosteiro en el Ayuntamiento de Pol,
- Residencia y Centro de Día de Trabada en el Ayuntamiento de Trabada,
- Residencial Rois (residencia y centro de día) en el Ayuntamiento de Fonsagrada.

Para la puesta en funcionamiento de los edificios que albergarán estas actividades, cuya construcción ha sido finalizada recientemente es necesaria la contratación del mantenimiento de las distintas instalaciones de los Centros por los siguientes motivos:

- La Diputación no cuenta con personal propio con la cualificación necesaria.
- La Diputación no está inscrita en los registros de habilitados para el mantenimiento de ciertas instalaciones de los edificios.

En particular y más concretamente, en lo que se refiere a las instalaciones térmicas, el artículo 25.5 del Capítulo VI -" Condiciones para el uso y mantenimiento de la instalación" del

Real Decreto 1027/2007, de 20 de julio, por el que se aprueba el Reglamento de Instalaciones Térmicas en los Edificios establece:

El titular de la instalación será responsable de que se realicen las siguientes acciones:

- El mantenimiento de la instalación térmica por una empresa mantenedora habilitada.
- Las inspecciones obligatorias.
- La conservación de la documentación de todas las actuaciones, ya sean de mantenimiento, reparación, reforma o inspecciones realizadas en la instalación térmica o sus equipos, consignándolas en el Libro del Edificio, cuando el mismo exista.

De hecho, en cumplimiento de esta y otras normativas, esta entidad tiene suscrito un "contrato de mantenimiento de las instalaciones térmicas y el control y la prevención de la legionelosis" en los distintos centros pertenecientes a la Diputación Provincial de Lugo, con la empresa CLECE S.A. por un precio total de 77.879,55 euros, a los que habría que añadir 25.195.80 euros en concepto de IVA, lo que asciende a un total de 94.234,26 euros, por un plazo máximo de dos años, prorrogable por otro más. Esto supone un coste anual del Servicio por un importe de 38.939,78 euros, excluido IVA.

La prestación del servicio se inició, tras la firma del contrato, el 1 de noviembre de 2017 como se recoge en el Acta de aceptación y comienzo del servicio, por lo que el contrato estará en vigor hasta el próximo 31 de octubre.

La cláusula 2 del pliego de prescripciones técnicas (PPTP) que rige el contrato establece que "la Diputación podrá dar altas y bajas o hacer modificaciones en las características de las instalaciones….", y que "cuando se produzca con ello un aumento o reducción significativo de los costes de mantenimiento de la explotación, esto serán estudiados y su importe se aplicará elevando o reduciendo el correspondiente precio de adjudicación".

A la vista del importe anual del contrato de mantenimiento, de la clausula dos del PPTP, de la brevedad del plazo hasta el inicio de la actividad en los centros, tras una reunión entre los distintos departamentos de la Diputación implicados en su puesta en funcionamiento y otra reunión celebrada el pasado viernes 29 de marzo con representantes de la empresa adjudicataria del mantenimiento de las instalaciones térmicas, CLECE S.A. que ha propuesto una valoración de los trabajos a realizar en los centros de Pol; Trabada y Residencial Rois en Fonsagrada, en las mismas condiciones recogidas en el PPTP y el PCA, por lo importes (excluido IVA) y los plazos que se recogen en el siguiente cuadro:

| | COSTE MENSUAL (excluído IVA) | COSTE HASTA 31 DE OCTUBRE DE 2019 (excluído IVA) |
|---|---|---|
| Residencia y Centro de Día de Trabada en el Ayuntamiento de TRABADA | 155,50 | 933,00 |
| Residencia y Centro de Día de Mosteiro en el Ayuntamiento de POL | 155,51 | 933,06 |
| Residencial Rois (residencia y centro de día) en el Ayuntamiento de FONSAGRADA | 155,51 | 933,06 |
| TOTAL | 466,52 | 2.799,12 |

El importe del servicio de mantenimiento de la instalación térmica, el tratamiento de control y prevención de la legionelosis, el mantenimiento de los almacenamientos y las receptoras de gas de cada uno de los centros y la suma total para el conjunto de los tres, para el periodo ofertado supone un porcentaje sobre el importe anual total del contrato inicial que se recoge en el siguiente cuadro:

| | IMPORTE ANUAL CONTRATO ADJUDICADO (excluído IVA) | COSTE HASTA 31 DE OCTUBRE DE 2019 (excluído IVA) | VARIACION SOBRE EL TOTAL ANUAL CONTRATADO |
|---|---|---|---|
| Residencia y Centro de Día de Trabada en el Ayuntamiento de TRABADA | | 933,00 | 2,4% |
| Residencia y Centro de Día de Mosteiro en el Ayuntamiento de POL | 38.939,78 | 933,06 | 2,4% |
| Residencial Rois (residencia y centro de día) en el Ayuntamiento de FONSAGRADA | | 933,06 | 2,4% |
| TOTAL | | 2.799,12 | 7,19 % |

A la vista de todo lo anterior, teniendo en cuenta que el porcentaje que supone el total de mantenimiento de las instalaciones de los tres nuevos centros respecto al total del importe anual del contrato suscrito y en vigor es inferior al 10% y de la oferta firmada y sellada presentada por la

empresa y que se adjunta con este informe de lo que se deduce la conformidad de la misma para la ejecución de los trabajos ofertados por el precio indicado en su propia oferta y que a juicio del técnico que suscribe el presente informe se ajustan a mercado, el Servicio de Arquitectura realiza la siguiente propuesta:

Tramitar una y/o tres modificaciones del contrato adjudicado a CLECE S.A para el mantenimiento del las instalaciones térmicas y el control y la prevención de la legionelosis para incluir esta prestación en los siguientes centros:

- Residencia y Centro de Día de Mosteiro en el Ayuntamiento de Pol,
- Residencia y Centro de Día de Trabada en el Ayuntamiento de Trabada,
- Residencial Rois (residencia y centro de día) en el Ayuntamiento de Fonsagrada."

Lexislación Aplicable.

En virtude da Disposición Transitoria primeira da Lei 9/2017 de 8 de novembro que se reproduce a continuación, é de aplicación a este suposto o Real Decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011,de 14 de novembro.

"Disposición transitoria primera Expedientes iniciados y contratos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de esta Ley.

Los expedientes de contratación iniciados antes de la entrada en vigor de esta Ley se regirán por la normativa anterior. A estos efectos se entenderá que los expedientes de contratación han sido iniciados si se hubiera publicado la correspondiente convocatoria del procedimiento de adjudicación del contrato. En el caso de procedimientos negociados, para determinar el momento de iniciación se tomará en cuenta la fecha de aprobación de los pliegos.

Los contratos administrativos adjudicados con anterioridad a la entrada en vigor de la presente Ley se regirán, en cuanto a sus efectos, cumplimiento y extinción, incluida su duración y régimen de prórrogas, por la normativa anterior".

O contrato que nos ocupa e cuxa modificación se propón, foi adxudicado mediante acordo da Xunta de Goberno de data 29 de decembro do 2017, polo tanto, antes da entrada en vigor da nova LCSP, aplicándose en virtude do anterior o TRLCSP. Formalizouse en documento administrativo o 31 de outubro de 2017.

O TRLCSP, no seu artigo 107 regula as modificacións de contrato non previstas na documentación que rexe a licitación, como é o caso. No seu punto 1, indica as circunstancias e coa concorrencia delas, xustificadamente poderá modificarse o contrato. Neste caso, e de acordo co sinalado no informe do Servizo de Arquitectura, enténdese que concorre a causa prevista na letra b) do Art. 107:

"Artículo 107 Modificaciones no previstas en la documentación que rige la licitación

Las modificaciones no previstas en los pliegos o en el anuncio de licitación solo podrán efectuarse cuando se justifique suficientemente la concurrencia de alguna de las siguientes circunstancias:

a) Inadecuación de la prestación contratada para satisfacer las necesidades que pretenden cubrirse mediante el contrato debido a errores u omisiones padecidos en la redacción del proyecto o de las especificaciones técnicas.

b) Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

c) Forza maior ou caso fortuíto que fixesen imposible a realización da prestación nos termos inicialmente definidos.

d) Conveniencia de incorporar á prestación avances técnicos que a melloren notoriamente, sempre que a súa dispoñibilidade no mercado, acorde co estado da técnica, se haxa producido con posterioridade á adxudicación do contrato.

e) Necesidade de axustar a prestación a especificacións técnicas, medioambientais, urbanísticas, de seguridade ou de accesibilidade aprobadas con posterioridade á adxudicación do contrato.

La modificación del contrato acordada conforme a lo previsto en este artículo no podrá alterar las condiciones esenciales de la licitación y adjudicación, y deberá limitarse a introducir las variaciones estrictamente indispensables para responder a la causa objetiva que la haga necesaria.

A los efectos de lo previsto en el apartado anterior, se entenderá que se alteran las condiciones esenciales de licitación y adjudicación del contrato en los siguientes casos:

a) Cuando la modificación varíe sustancialmente la función y características esenciales de la prestación inicialmente contratada.

b) Cuando la modificación altere la relación entre la prestación contratada y el precio, tal y como esa relación quedó definida por las condiciones de la adjudicación.

c) Cuando para la realización de la prestación modificada fuese necesaria una habilitación profesional diferente de la exigida para el contrato inicial o unas condiciones de solvencia sustancialmente distintas.

d) Cuando las modificaciones del contrato igualen o excedan, en más o en menos, el 10 por ciento del precio de adjudicación del contrato; en el caso de modificaciones sucesivas, el conjunto de ellas no podrá superar este límite.

f) En cualesquiera otros casos en que pueda presumirse que, de haber sido conocida previamente la modificación, hubiesen concurrido al procedimiento de adjudicación otros interesados, o que los licitadores que tomaron parte en el mismo hubieran presentado ofertas sustancialmente diferentes a las formuladas.”

Os contratos administrativos para as prestacións a maiores, a executar nos centros de atención de Pol, Trabada e A Fonsagrada, foron adxudicados por acordo de Xunta de Goberno, nas seguintes datas:

- Trabada: Xunta de Goberno do 8/03/2019. Neste CAM, iniciouse a actividade o 25/04/2019.

- Pol: Xunta de Goberno do 29/03/2019.

- A Fonsagrada: Xunta de Goberno do 05/04/2019

Prezos.

Aos efectos de determinar o prezo que supón a modificación do contrato de servizos de mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, xunto coa proposta remitida, o devandito servizo acompaña unha valoración dos traballos nas mesmas condicións recollidas no PPT e no PCAP, por un importe de 2.799,12 euros, aos que se engadirá o 21% en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.386,93 euros, o que representa un incremento con respecto ao prezo de adxudicación do contrato, inferior ao 10%.

Consideracións Xurídicas

En aplicación do previsto no Art. 105.2 do TRLCSP a modificación do contrato non poderá realizarse coa finalidade de adicionar prestacións complementarias ás inicialmente contratadas, ampliar o obxecto do contrato a fin de que podan cumprir finalidades novas non contempladas na

documentación preparatoria do mesmo, ou incorporar unha prestación susceptible de utilización ou aproveitamento independente.

Neste caso proponse unha adecuación do contrato ás circunstancias actuais, mantéñense as finalidades descritas no PPT (mantemento das instalacións térmicas dos edificios pertencentes ou dependentes da Deputación Provincial de Lugo).

En canto ás modificacións non previstas na documentación que rexe na licitación (como é o caso que nos ocupa) solo poderá efectuarse cando se xustifique suficientemente a concorrencia dalgunha das seguintes circunstancias:

Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Neste caso entenderase que concorre a causa prevista na letra b) do Art. 107.1; posto que se omiten os Centros de Atención a Maiores de Pol, Trabada e Residencial Rois en Fonsagrada, por non estar ditos centros en funcionamento na data de elaboración das prescricións técnicas, de licitación e adxudicación do contrato administrativo obxecto deste modificado.

En todo caso, a modificación do contrato acordado ao abeiro do Art. 107.1 do TRLCSP non poderá alterar as condicións esenciais da licitación e adxudicación do contrato (Art. 107.2) fixando o parágrafo terceiro os supostos en que "*ex lege*" se produce esa alteración das condicións esenciais da licitación.

En troques, na modificación formulada, entendemos que:

Non se varían substancialmente a función e características esenciais da prestación.

a) Na cláusula I, apartado 2 do PPT recóllese que “La Diputación podrá dar altas, bajas o hacer modificaciones en las características de la instalación como consecuencia de acciones de mejora de la eficiencia, ampliaciones u otras razones de forma que, cuando se produzca con ello un aumento o reducción significativos en los costes de mantenimiento de la explotación, éstos serán estudiados y su importe se aplicará elevando o reduciendo el correspondiente precio de adjudicación”

b) Para a prestación modificada non é necesaria unha habilitación profesional diferente da esixida para o contrato inicial ou unhas condicións de solvencia substancialmente distintas.

c) A modificación do contrato é inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato.

d) A duración do contrato tampouco experimenta variación.

e) De ter sido coñecida previamente a modificación, presúmese que os interesados que tivesen concorrido ao procedemento de adxudicación, ou que os licitadores que tomaron parte neste, non tivesen presentado ofertas substancialmente diferentes ás formuladas.(…). Existen novas necesidades e aplícanse os mesmos parámetros económicos da adxudicación, de acordo coa información reportada polo centro xestor.

A documentación remitida a este Servizo de Contratación e Fomento polo Servizo Xestor, o Servizo de Arquitectura, xustifica a concorrencia das circunstancias que habilitan á modificación non prevista na documentación que rexe a licitación (Art. 107.1 TRLCSP). Este servizo entende que concorren as circunstancias relacionada na letras b) deste precepto:

Inadecuación do proxecto ou das especificacións da prestación por causas obxectivas que determinen a súa falta de idoneidade, consistentes en circunstancias de tipo xeolóxico, hídrico, arqueolóxico, medioambiental ou similares, postas de manifesto con posterioridade á adxudicación do contrato e que non fosen previsibles con anterioridade aplicando toda a dilixencia requirida

acorde con unha boa práctica profesional na elaboración do proxecto ou na redacción das especificacións técnicas.

Non se alteran as condicións esenciais da licitación. A modificación do contrato é inferior ao 10% do prezo de adxudicación do contrato.

As necesidades desta modificación constan relacionadas no informe do Servizo de Arquitectura, onde se fai constar que aquelas están determinadas como consecuencia da próxima apertura dos Centros de Atención a Maiores (residencias e centros de día) de Pol, Trabada e Residencial Rois en Fonsagrada. En Trabada iniciouse a actividade prestacional a maiores.

Considerando o importe das prestacións que se pretenden realizar, considérase que o recurso á figura da modificación do contrato constitúe a mellor opción para garantir a continuidade da prestación.

No que atinxe ao procedemento establecido no Art. 211 do TRLCSP a modificación aparece consentida polo contratista, segundo se desprende do informe do Servizo Xestor, de modo que se pode entender cumprido o trámite de audiencia. Incorpórase a aceptación expresa das condicións da modificación por parte da empresa, en documento asinado nesta mesma data.

A modificación do contrato conleva o reaxuste da garantía nos termos establecidos no Art. 99.3 do TRLCSP que a estes efectos establece a obriga do reaxuste das garantías naqueles supostos de modificación do contrato con variación do seu prezo, para que aquela (a garantía) garde proporción co novo prezo modificado; o reaxuste en proporción ao novo prezo (5% do aumento de prezo) deberá efectuarse dentro do prazo de quince días, contados desde a data de notificación ao empresario do acordo de modificación.

Efectos.

Debe terse en conta que de conformidade co establecido no artigo 19 do TRLCSP, atopámonos ante un contrato administrativo, que se rexe en canto á súa preparación, adxudicación, efectos e extinción, por esta Lei e as súas disposicións de desenvolvemento; supletoriamente

aplicaranse as restantes normas de dereito administrativo e, na súa falta, as normas de dereito privado.

En canto aos efectos e extinción, e de acordo co sinalado no parágrafo anterior, son de aplicación aos contratos administrativos as normas contidas no Título V do Libro I, sobre modificación dos contratos (Artigos 105- 108 do TRLCSP). Normas que se seguen neste informe e no expediente da súa razón.

De acordo co anterior, a modificación que se pretende realizar, entrará en vigor a partir da formalización de dita modificación en documento administrativo e da emisión da correspondente acta de inicio.

Aos efectos do establecido na base 34, apartado 1.3.4.4 das bases de execución do orzamento 2019, enténdese desde o servizo de contratación e fomento que se cumpren as esixencias dos Artigos 107.1 e 3 do TRLCSP e existe Informe do Servizo de Contratación e Fomento conformado pola Secretaría Xeral.

Existen claras razóns de interese público, vinculadas ao cumprimento da normativa técnica de instalacións térmicas en edificacións nas que se den atencións residenciais a persoas maiores e que unha vez rematadas, finalmente están a desenvolver as funcións que lle son propias:

a) En Trabada, iniciouse a prestación o 25 de abril deste ano, segundo a acta de inicio que se incorpora ao expediente.

b) En Pol, está prevista a sinatura do contrato administrativo para para as prestacións a persoas maiores, o 6 de maio de 2019, agás incidencias imprevistas. De modo que o inicio da actividade sexa inminente.

c) No caso de A Fonsagrada, está prevista a sinatura do contrato, agás imprevistos, para a data do 20 de maio de 2019. En calquera caso pode modularse o inicio da prestación, en función da acta de inicio.

Órgano Competente:

Tendo en conta o establecido na cláusula segunda do PCAP, o órgano de contratación que actúa en nome da Deputación Provincial de Lugo, é a Xunta de Goberno, no que se refire á aprobación dos pregos de prescricións técnicas e cláusulas administrativas e á adxudicación e nos restantes actos procedimentais o órgano competente será a Presidencia, en virtude do establecido no art.59, apartado 12 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP de 10 de marzo de 2011, aplicable de acordo coa circular da Secretaría Xeral en funcións de data 2 de novembro de 2018.

O artigo 3.1 h do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional sinala que a emisión de informes cando así se estableza na lexislación sectorial é unha das atribucións que comprende a función de asesoramento legal preceptivo que lle corresponde exercer á Secretaria Xeral da entidade provincial.

O apartado 4 do mencionado artigo dispón a estes efectos, que a emisión do informe do Secretario poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes emitidos polos servizos da propia entidade e que figuren como informes xurídicos no expediente.

Conclusión:

En atención as consideracións expostas e atendendo a xustificación da modificación efectuada, infórmase favorablemente a modificación do contrato de mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, para atender ás novas necesidades do servizo, sempre que se fiscalice o expediente pola Intervención; xa que logo entende o que subscribe que procede que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

Aprobar a modificación do contrato de mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, cun aumento do prezo de adxudicación de 2.799,12 euros, aos que se engadirá o 21% en concepto de

IVE, o que ascende a un total de 3.386,93 euros, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación, coa seguinte distribución:

| | COSTE MENSUAL (excluido IVA) | COSTE HASTA 31 DE OCTUBRE DE 2019 (excluido IVA) | VARIACION SOBRE EL TOTAL ANUAL CONTRATADO |
|---|---|---|---|
| Residencia y Centro de Día de Trabada en el Ayuntamiento de TRABADA | 155,50 | 933,00 | 2,4% |
| Residencia y Centro de Día de Mosteiro en el Ayuntamiento de POL | 155,51 | 933,06 | 2,4% |
| Residencial Rois (residencia y centro de día) en el Ayuntamiento de FONSAGRADA | 155,51 | 933,06 | 2,4% |
| TOTAL | 466,52 | 2.799,12 | 7,19 % |

Adxudicar este modificado a CLECE S.A., que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 2.799,12 euros aos que se engadirán o 21 % en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.386,93 euros**.**

O prazo de duración do contrato non experimenta variación, expirando este o día 31 de outubro de 2019, sen prexuízo da posible prórroga.

A empresa adxudicataria reaxustará a garantía definitiva ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, unha vez modificado o contrato, no prazo de 15 días desde a notificación do presente acordo, na contía de 139,96 €.

Formalizar dita modificación en documento administrativo.

Por canto vai dito a Xunta de Goberno, propoño a adopción do seguinte, acordo:

**1º. -**Aprobar o a modificación do contrato de mantemento das instalacións térmicas e o control e prevención da lexionelosis nos distintos centros pertencentes á Deputación Provincial de Lugo, cun aumento do prezo de adxudicación de 2.799,12 euros, aos que se engadirá o 21% en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.386,93 euros, mantendo inalteradas o resto das condicións da prestación, coa seguinte distribución:

| | COSTE MENSUAL (excluído IVA) | COSTE HASTA 31 DE OCTUBRE DE 2019 (excluído IVA) | VARIACION SOBRE EL TOTAL ANUAL CONTRATADO |
|---|---|---|---|
| Residencia y Centro de Día de Trabada en el Ayuntamiento de TRABADA | 155,50 | 933,00 | 2,4% |
| Residencia y Centro de Día de Mosteiro en el | 155,51 | 933,06 | 2,4% |
| Residencial Rois (residencia y centro de día) en el Ayuntamiento de FONSAGRADA | 155,51 | 933,06 | 2,4% |
| TOTAL | 466,52 | 2.799,12 | 7,19 % |

**2º. -** Adxudicar este modificado a CLECE S.A., que prestou a súa conformidade ao mesmo, cun prezo resultante de 2.799,12 euros aos que se engadirán o 21 % en concepto de IVE, o que ascende a un total de 3.386,93 euros**.** O prazo de duración do contrato non experimenta variación, expirando éste o día 31 de outubro de 2019, sen perxuízo da posible prórroga.

**3º.-** A empresa adxudicataria reaxustará a garantía definitiva ao 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, unha vez modificado o contrato, no prazo de 15 días desde a notificación do presente acordo, na contía de 139,96 €.

**4º.-** Formalizar dita modificación en documento administrativo".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**10.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS, E MODIFICACIÓNS DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.**

*Proposta relativa ao convenio canalizador da subvención directa excepcional outorgada por esta Excma. Deputación Provincial á Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Construción e equipamento de pista polideportiva" na anualidade 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

"Resultando que no expediente relativo ao convenio canalizador da subvención directa de carácter excepcional a conceder á entidade Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, co obxecto de colaborar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación "Construción e equipamento de pista polideportiva", polo importe de 37.772,57€, co aboamento anticipado do 50% sobre o importe total subvencionado, é dicir, 18.886,29€, con dispensa de garantía, correspondente á anualidade 2019, constan entre outros, os documentos que se detallan a continuación:

Proposta emitida pola Unidade Administrativa Xestora que acredita a existencia de motivación suficiente, de concorrencia das razóns que habilitan a utilización deste procedemento excepcional.

Existencia de convenio canalizador da subvención antes mencionada.

Declaración responsable do beneficiario de non estar incurso en ningunha das prohibicións previstas nos apartados 2 e 3 do artigo 13 da LXS, e demais normativa de aplicación, nos termos que se establecen nas Bases de Execución do Orzamento para o ano 2019.

Informe da unidade administrativa xestora, no que se manifesta que segundo os datos que están no seu poder, o beneficiario reúne todos os requisitos para optar á subvención.

Informe favorable do Servizo de Contratación e Fomento sobre o texto do convenio canalizador da subvención.

Informe favorable da Secretaría sobre o texto do convenio canalizador da subvención, ao conformar o do Servizo de Contratación e Fomento.

Informe de fiscalización limitada previa do expediente, emitido pola Intervención Xeral e cuxo resultado é de conformidade.

A actuación que se pretende encaixa dentro da Liña 4.2 - Deportes, pertencente á área funcional de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017- 2019, aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 23 de xuño de 2017, e cuxa actualización para o ano 2019 foi aprobada polo mesmo órgano o 8 de febreiro de 2019; xa que na mesma se establece como obxectivo estratéxico a promoción e difusión do deporte e da súa práctica por todos os sectores da poboación e dentro do ámbito provincial: satisfacer as demandas deportivas do conxunto da cidadanía e a potenciación e mellora do deporte na provincia de Lugo en todas as súas vertentes, fomentando, promovendo e difundindo o deporte e a súa práctica, mediante axudas para o apoio e colaboración no gasto corrente e/ou investimentos e bolsas a deportistas individuais.

O obxecto que se persegue con esta subvención é dotar á parroquia de Rosende (concello de Sober) dunha pista polideportiva na que os veciños desta zona rural poidan practicar deportes nas mesmas condicións que nas zonas urbanas, mellorando así a súa calidade de vida e contribuíndo á fixación da poboación no rural, especialmente a poboación máis xove: crear dotacións no rural como investimento de equilibrio interterritorial, en función da demanda efectiva e real.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte a seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a excepcionalidade e outorgar a subvención directa de carácter excepcional, por importe de 37.772,57€ a favor da entidade Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación "Construción e equipamento de pista polideportiva", subvención incluída na Liña 4.2 - Deportes, pertencente á área funcional de Innovación, Participación Cidadá, Mocidade e Deportes do vixente Plan Estratéxico de Subvencións 2017-2019.

**2º.-** Aprobar o gasto de 37.772,57€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.789 do orzamento da Deputación Provincial de Lugo para o ano 2019, a favor da entidade Asociación de Vecinos de la Parroquia de Rosende, para sufragar os gastos derivados da execución da actuación

"Construción e equipamento de pista polideportiva".

**3º.-** Aprobar o convenio a través do que se canaliza a citada subvención e que se incorpora ao expediente".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 11.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABALLO.

Vistos o Plans de Seguridade e Saúde das obras que se indican, presentados polos contratistas adxudicatarios, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excma. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como as propostas do Sr. Deputado Delegado da Área de Xestión Territorial a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

**1º**.- Aprobar os Plans elaborados para a súa aplicación ás obras que se relacionan.

**2º**.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución das obras.

**OBRAS CUXOS PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBAN**

- Obra: Acondicionamento LU-P-2204 Momán (LU-170)- Límite Provincial A Coruña (As Pontes) P.K. 4+000- 7+000. (XERMADE).
Contratista: OVISA VIAS Y OBRAS, SLU.

- Obra: Obras de adaptación residencia e Centro de Día de Pol.
Contratista: COVISAM NORTE, S.L.

- Obra: Obras de adaptación residencia e Centro de Día de A Fonsagrada.

Contratista: RAMIRO COUSO PÉREZ

**12.- INTERPRETACIÓN ACLARATORIA DAS BASES DA CONVOCATORIA "EMPRENDENDO NO RURAL".**

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

"Tendo en conta que o 9 de novembro de 2018 a Deputación de Lugo aproba o programa Emprendendo no rural por importe de 50.000,00 € para o ano 2018, repartido en 5 premios de 10.000 € cada un. Os premiados foron aprobados por Xunta de Goberno o 28 de decembro de 2018 e publicados no BOP de Lugo nº002 de 3 de xaneiro de 2019.

Ante a consulta dun dos beneficiarios do premios en relación a "Si e posible aproveitar unha SL xa creada, ampliando a súa actividade cun novo epígrafe de acordo a actividade que se pretende iniciar descrita no proxecto".

Atendendo a filosofía do programa :

Artigo 1. Obxecto e finalidade

A presente convocatoria inclúese dentro do "Plan integral Desenvolvendo o Rural". Estas bases teñen por obxecto establecer o procedemento de concesión en concorrencia competitiva de premios a iniciativas empresariais en territorios rurais da provincia de Lugo.

A finalidade dos premios é a de impulsar iniciativas empresariais, favorecer proxectos novos, excelentes, orixinais e innovadores que promovan fixar poboación, a economía e o emprego no territorio rural, que incorporen novos modelos de xestión, produtos sistemas ou servizos que contribúan a xeración de riqueza e calidade de vida na provincia de Lugo.

Artigo 3. Destinatarios

Poderán participar neste convocatoria o emprendedores/as cunha idea ou proxectos de actividade válido e viable (quedara acreditado na memoria descritiva da actividade) para poñer en marcha, en calquera dos municipios da provincia, agás Lugo.

Os destinatarios dos premios, non terán limitación en canto a idade, debendo cumprir os seguintes requisitos:

Non ter iniciada a actividade económica presentada no proxecto.

Estar empadroado en algún concello da provincia.

Non encontrarse en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas nos números 2 e 3 do artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, de Xeral de Subvencións. A acreditación de non estar incursa en ningunha delas realizarase mediante declaración responsable da interesado.

Estar o corrente no cumprimento das obrigas coa Axencia tributaria (Estado e CCAA), seguridade social e Deputación de Lugo.

A actividade mercantil poderá realizarse en calquera modalidade legal; empresarias individuais, sociedades civís, comunidades de bens ou sociedades mercantís, incluídas as sociedades laborais e as cooperativas de traballo asociado.

Os requisitos e condicións para ser beneficiarios deberán cumprirse na data de finalización do prazo de presentación de solicitudes. Deberá manterse a actividade durante un período mínimo de 2 anos, agás cesamento por causas alleas á súa vontade, o cal se terá que demostrar de forma fidedigna. O responsable do premio é o solicitante independentemente da fórmula xurídica elixida para materializar a iniciativa empresarial.

Artigo 11. Pagamento e xustificación

As achegas dos premios previstas no artigo 5 faranse mediante transferencia bancaria condicionada a posta en marcha do proxecto, este realizarase nun único pago logo de aportar a documentación que xustifique o inicio da actividade e o certificado de conta bancaria.

Atendendo as formalidades do emprendedor, para constituír una empresa, non e o mesmo elixir entre darse de alta como autónomo ou crear una S.L xa que esta última implica unha maior carga, tanto económica, a disposición do capital social, notaría, escrituras, etc., como fiscal e de trámites administrativos o que aparentemente da máis credibilidade de solvencia e estabilidade a empresa.

Por outra banda o inicio de actividade premiada quedará acreditado coa alta no epígrafe correspondente, dentro da clasificación de actividades profesionais, do IAE ou declaración censal, segundo o caso.

Polo que a vista de todo o anterior, e a xuízo de quen informa, parece que o aconsellable para o inicio dunha actividade e darse de alta coma autónomo e cando a empresa tome un bo rumbo e alcance unha facturación satisfactoria  será o momento de cambiar a outra forma xurídica que vai a dar máis garantía, se cabe, de marca e de solvencia, polo que parece incongruente e dar un paso para atrás obrigar a constituír una forma xurídica nova a un premiado cando xa ten unha empresa constituída e solvente, e o que o vai a distinguir como proxecto novo e innovador, é o inicio dunha nova actividade encadrada nun epígrafe que ata ese momento non se estaba a desenvolver.

Polo que para a acreditación ante o órgano xestor das actividades realizadas de forma previa e a nova actividade premiada, a alta nova do IAE ou declaración censal a través do modelo normalizado para o efecto quedará admitido como válido e procederá a cumprir os requisitos para o cobro do premio.

Por todo o anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno:

Aprobar a interpretación respecto do artigo 3 das bases dos premios Emprendendo no Rural cando relaciona os requisitos a cumprir "…Non ter iniciada a actividade económica presentada no

proxecto…” e do artigo 11. onde especifica o pagamento e xustificación “...de aportar a documentación que xustifique o inicio da actividade e...”, entendendo que o inicio da actividade queda probado coa alta do IAE ou declaración censal de acordo a actividade descrita na memoria, inda que o premiado ou premiada xa estivera legalmente constituído como empresa noutras actividades. En ningún caso a actividade do premio puido estar dada de alta con anteriormente na empresa xa constituída”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**13.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN DAS BASES, MODELOS DE SOLICITUDE E OS ANEXOS DE XUSTIFICACIÓN PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGRÍCOLA E/O GANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2019 E CONVOCATORIA DAS MESMAS.**

Logo de ver a proposta do Sr. Vicepresidente, Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos, do seguinte teor:

“Exposición de motivos

O abandono de terras e a conseguinte diminución da superficie utilizada pola agricultura e a gandería constitúe un problema importante para Galicia, pero particularmente para a provincia de Lugo. A posta en marcha dende 2007 de diferentes medidas lexislativas como a Lei 7/2007 do banco de terras de Galicia e a Lei 6/2011 de mobilidade de terras, dirixidas a corrixir, dentro do posible, esta situación, non foi suficiente, posto que entraron en xogo outros elementos centrais da problemática do campo galego contemporáneo: a incidencia catastrófica dos incendios forestais, a redución e progresivo envellecemento da poboación rural e un ineficaz uso do territorio que dificulta a competitividade do sector agrícola e/o gandeiro.

Neste sentido, o sector agrícola y/o gandeiro da provincia de Lugo iniciou durante as últimas décadas un proceso de diminución do número de explotacións, que se prevé continúe

durante os próximos anos como resultado da falta de viabilidade futura de moitas delas, ben pola inexistencia de relevo xeracional ou ben pola simple inviabilidade económica, o que orixina o progresivo peche de explotacións e que vai deixando libres as terras que estas ocupaban.

O cese das actividades agrícolas e/o gandeiras trae consigo importantes consecuencias ambientais e paisaxísticas, xa que pasado un tempo os terreos abandonados comezan a ser colonizados pola vexetación espontánea seguindo unha progresión, que comeza con formacións de especies herbáceas e de matogueira e que, en ausencia de perturbacións externas, pode chegar a formar masas arbóreas de rexeneración natural. O crecemento da cuberta vexetal afecta á riqueza de especies animais e vexetais e á calidade da paisaxe.

O abandono da actividade agrícola e/o gandeira tamén conduce a unha modificación da paisaxe rural que habitualmente implica a desaparición de paisaxes culturais moldeados ó longo de séculos. Este fenómeno constitúe por si mesmo unha perda cultural, e a súa importancia é maior si consideramos que vai ligada á desaparición do coñecemento sobre prácticas agrícolas e/o gandeiras tradicionais.

Dende un punto de vista económico, o cese das actividades agrícolas e/o gandeiras implica en moitos casos o abandono total ou o cambio a un uso das terras distinto do inicial que se traduce en superficie que no se incorpora ás explotacións en activo, o que impide a ampliación da súa base territorial e que se manifesta no estancamento do tamaño medio da explotación.

Outro efecto negativo para o sector agrícola e/o gandeiro é a proliferación de determinadas especies animais que experimentan un importante crecemento das súas poboacións ó verse favorecidas pola expansión da vexetación, chegando nalgúns casos a causar danos substanciais nas colleitas.

Por outra parte, o proceso de abandono de terras por parte do sector agrícola e/o gandeiro tamén vai asociado á perda de poboación no medio rural e á concentración da poboación nos núcleos urbanos.

Debemos ter en conta tamén que o monocultivo do leite leva consigo a perda de competitividade e rendibilidade das explotacións, polo que, correspóndelle a Administración a promoción doutras maneiras de vivir do agro como son a explotación da horta e das viñas e como consecuencia esta diversificación leva consigo o aproveitamento dos recursos que na nosa Provincia son moitos.

Consecuentemente co exposto, impleméntase un programa de axudas, que ten por obxecto a cooperación desta Deputación Provincial na promoción económica do sector agrícola e/o gandeiro da provincia mediante axudas que incentiven o incremento da base territorial produtiva perseguindo desta maneira, a redución de custes de produción asociados a unha maior competitividade no mercado, considerando este sector, coma unha fonte de recursos, emprego e oportunidade de fixación de poboación nos noso territorio.

A Liña 6 do Plan Estratéxico de Subvencións da Deputación de Lugo do ano 2017- 2019, aposta por "acadar o desenvolvemento dos sectores agrícola, gandeiro, forestal e pesqueiro como sectores estratéxicos da economía da provincia e xeradores de oportunidades de emprego, e que redunde na fixación de poboación nas zonas rurais", entre outros, cos seguintes obxectivos: Recuperación de terreos abandonados e incremento da superficie adicada aos cultivos.

Polo exposto, a Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das competencias atribuídas polo artigo 36.1.d) da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na redacción dada pola lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da administración local pon en marcha o programa: Programa de Apoio ao Sector Agrícola E/O Gandeiro na Provincia de Lugo.

Marco normativo

O artigo 9 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, establece no seu artigo 9.2) que "con carácter previo ao outorgamento das subvencións deberán aprobarse as normas que establezan as bases reguladoras de concesión nos termos establecidos nesta Lei".

O título preliminar da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, establece os principios reitores de xestión das subvencións e a aprobación e contido das súas bases reguladoras. Así mesmo, no citado título preliminar faise constar que a enumeración dos extremos recollidos nas bases reguladoras responde ao feito de que estas son o elemento definitorio básico da relación entre a administración xestora e o beneficiario da subvención.

En concreto este texto legal refírese ás citadas bases como o mecanismo preciso para procurar o pleno coñecemento dos dereitos e deberes por parte dos beneficiarios, ao tempo que lles permite instaurar unha relación coa administración baseada na seguridade xurídica.

Do mesmo xeito, o artigo 6.2)., da devandita Lei, prevé que "con carácter previo ao outorgamento das subvencións, deberán aprobarse as bases reguladoras de concesión nos termos desta Lei".

A Ordenanza xeral de subvencións da Excma. Deputación Provincial de Lugo, aprobada por acordo do Pleno de data 28 de febreiro de 2005, recolle no se artigo 7 que "previamente á publicación da convocatoria o órgano competente para a resolución do procedemento deberá aprobar as bases específicas que a han de rexer".

Proposta de acordo

Que previos os trámites correspondentes se proceda á aprobación das bases, modelos de solicitude e anexos de xustificación, para a concesión de subvencións dentro do Programa de Apoio ao Sector Agrícola e/o Gandeiro na Provincia de Lugo. Ano 2019, por un importe de cen mil euros (100.000 euros).

Que se proceda á convocatoria na forma regulamentariamente prevista.

Que así mesmo se preste aprobación ao gasto correspondente, con cargo a aplicación orzamentaria 4590.779.

O Programa de referencia regúlase polas Bases que se unen como anexo desta proposta”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**14.- PROPOSTA DE ACEPTACIÓN DE RENUNCIA DO EXPEDIENTE SUBAGR-2018/177 DE SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NO PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018. RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2018/177, correspondente á Don Heriberto Castelao Fernández, en representación de Quintana, C.B. (A Fonsagrada), destinada a “Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros”, concedéndolle unha subvención por importe de 4.125,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Don Heriberto Castelao Fernández (A Fonsagrada), presenta escrito con data de rexistro de entrada 22 de abril de 2019, solicitando a renuncia a subvención SUBAGR-2018/177.

Polo anteriormente exposto, proponse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo.

Acceder a petición formulada por Don Heriberto Castelao Fernández (A Fonsagrada), e aceptar a renuncia da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018, para a Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros, por importe de 4.125,00 €”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**15.- PROPOSTA DE NOMEAMENTO PARA PROVER POLO SISTEMA DE CONCURSO, DISTINTOS POSTOS DE TRABALLO, VACANTES NA VIXENTE RPT, RESERVADOS A PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación do seguinte teor:

"A Xunta de Goberno, en sesións de datas 19 e 26 de outubro de 2018 e 16 de novembro de 2018, aproba a convocatoria e bases para a provisión de determinados postos de traballo de persoal funcionario da Deputación Provincial de Lugo, vacantes na vixente RPT, a prover polo sistema de concurso de méritos entre funcionarios/as desta Deputación Provincial, facéndose públicas nos Boletíns Oficiais da Provincia números 257 e 269, de datas 9 e 23 de novembro de 2018.

Á vista das propostas de nomeamento realizadas pola Comisión de valoración, elévanse á Xunta de Goberno para que adopte os seguintes acordos:

**1º**.- Resolver definitivamente os procedementos de provisión dos postos de traballo que a continuación se sinalan, nomeando a:

Don Darío Ferreiro Otero, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1092, denominado Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos / Adxunto Xefe Servizo de Vías e Obras, adscrito á Área de Xestión Territorial- Vicepresidencia - Servizo de Vías e Obras reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 27.

Don Héctor Diéguez Aranda, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1093, denominado Enxeñeiro Camiños, Canles e Portos / Adxunto Xefe Servizo Vías e Obras, adscrito á Área de Xestión Territorial –

Vicepresidencia - Servizo de Vías e Obras, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 27.

Don Nicolás Fariña Verea, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1548, denominado Enxeñeiro Informático / Adxunto Xefe Servizo Comunicación e TICs, adscrito á Presidencia - Servizo de Comunicación e Tics - Sección Novas Tecnoloxías, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 27.

Dona Silvia García López, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1551, denominado Xefe Sección I Benestar e Igualdade, adscrito á Área de Promoción Económica e Social - Sección Benestar Social e Igualdade, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Dona Margarita Tarrío Álvarez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1520, denominado Xefe Sección I Contratación, adscrito á Presidencia - Servizo de Contratación e Fomento, Sección Contratación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Dona Loreto Rodríguez Costas, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1521, denominado Xefe Sección I Fomento, adscrito á Presidencia - Servizo de Contratación e Fomento, Sección Fomento, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Don Luís Jesús Fernández Reija, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número I969, denominado Xefe Sección I Medioambiente, adscrito á Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos e Medio Ambiente - Servizo de Medioambiente, Sección Medioambiente, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Don José Fernández Parajes, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1523, denominado Xefe Sección I Vías e Obras / Enxeñeiro Técnico Obras Públicas, adscrito á Área de Xestión Territorial – Vicepresidencia -

Servizo de Vías e Obra, Sección Vías e Obras, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Don José Antonio Castro Liz, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1532, denominado Xefe Sección I Xestión Orzamentos, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda - Intervención, Sección Xestión Orzamentos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 26.

Don José Antonio Arias Vázquez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1522, denominado Xefe Unidade I Apoio Coordinación e Xestión Territorial, adscrito á Área de Xestión Territorial – Vicepresidencia - Unidade de Coordinación e Xestión Territorial reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 24.

Don Daniel José Rajal Fernández, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1545, denominado Xefe Negociado I Coleccións Museo Provincial, adscrito á Área de Turismo e Cultura, Subárea de Cultura, PHA, Artesanía e Deseño e Educación – Rede Museística Provincial, Museo Provincial, Negociado Coleccións, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Dona Beatriz Losada López, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1537, denominado Xefe Negociado I Contabilidade Informática Recadación, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda – Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Informática Recadación, Negociado Contabilidade Informática Recadación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Don Luís Manuel Fernández García, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 265, denominado Xefe Negociado I Devolucións e Fraccionamento, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda – Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Xestión e Recadación Voluntaria, Negociado Devolucións e Fraccionamentos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Dona Belén Salgado Iglesias, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 465, denominado Xefe Negociado I Poxas, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda – Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección de Procedementos Executivos, Negociado de Poxas, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Don Jesús Pastor Ferreirós Viveiro, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 556, denominado Xefe Negociado I Tributos Varios, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda – Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección de Procedementos Executivos, Negociado Tributos Varios, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 22.

Don Ramón Campos Rodríguez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1539, denominado Coordinador Xefe II Rutas Fluviais, adscrito á Área de Turismo e Cultura – Unidade de Promoción do Territorio e Turismo, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 20.

Don Sergio Castiñeira López, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1536 , denominado Responsable Coordinador I Xestión Tributos Concellos - Informática, adscrito á Área de Economía, Recadación e Facenda – Servizo de Xestión, Recadación e Inspección Tributaria, Sección Informática Recadación, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 23.

Dona Montserrat Gómez Martínez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1528, denominado Responsable Coordinador II – Novas Tecnoloxías Recursos Humanos, adscrito á Área de Goberno Interior e Relacións Institucionais, Subárea de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación, Servizo de Recursos Humanos e Asistencia Concellos – Sección de Administración Recursos Humanos, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 21.

Don Juan Carlos González Méndez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1067, denominado Encargado II Información e

Atención Cidadá, adscrito á Presidencia – Servizo Protocolo e Relacións Institucionais – Atención ao Cidadán, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 14.

Don Marcos Gómez Sánchez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1223, denominado Maquinista Condutor Transportista, adscrito á Área de Xestión Territorial – Vicepresidencia, Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 18.

Don Manuel Guerra Pérez, para ocupar con carácter definitivo e polo sistema de concurso o posto de traballo singularizado, número 1219, denominado Mecánico Especialista, adscrito á Área de Xestión Territorial – Vicepresidencia, Parque Móbil, reservado a persoal funcionario, nivel complemento destino 18.

**2º**.- Publicar o presente Acordo no Boletín Oficial da Provincia , no Taboleiro de Anuncios e na páxina web da Entidade, para cumprimento da base 10".

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**16.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN MAQUINISTA DO CADRO DE PERSOAL LABORAL PROVINCIAL.**

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado de Goberno Interior, Asuntos Xerais e Formación.

"Visto que D. José Gómez Díaz, Maquinista do Cadro de Persoal Laboral Provincial, cumpre 65 anos de idade o día 22 de maio de 2019.

Tendo en conta que D. José Gómez Díaz terá recoñecidos a citada data un período de cotización superior aos 36 anos e 9 meses e que, inicialmente non solicitou a prolongación de permanencia no servizo activo.

Considerando que o artigo 68 da Lei  2/2015, do 29 de abril da Lei de Emprego Público de Galicia establece:

"1. A xubilación do persoal funcionario poderá ser:

a) Voluntaria

b) Forzosa, polo cumprimento da idade legalmente establecida.

[…].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida […]".

O Artigo 53 do Convenio Colectivo Único para Persoal Laboral da Excma. Deputación Provincial de Lugo BOP (30-08-1990), no seu artigo 53.1) establece:

"A xubilación forzosa do persoal laboral a fin de contribuír á realización dunha política de promoción de emprego, declararase de oficio ao cumprir o traballador os 65 anos de idade. A xubilación forzosa de ditos traballadores rexerase polo establecido na Lei 8/80, de 10 de marzo (...)".

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

"As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

| Ano | Períodos cotizados | Idade esixida |
|---|---|---|
| 2019 | 36 anos  e 9 meses ou máis | 65 anos. |
| | Menos de 36 anos e 9 meses | 65 anos e 8 meses |

[…].”.

Á vista dos considerandos anteriormente sinalados e tendo presente que D. José Gómez Díaz tería acreditado, á data do 22 de maio de 2019, un período de cotización superior aos 36 anos e 9 meses e non tendo solicitada a prolongación no servizo activo.

Procede formular proposta á Xunta de Goberno para que adopte acordo declarando a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida, do traballador do Cadro de Persoal Laboral, D. José Gómez Díaz, con efectividade do día 22 de maio de 2019, data na que se extingue a súa relación laboral con esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## 17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Dáse conta da estimación do recurso de reposición interposto por esta Deputación Provincial en relación ao expediente de clasificación do monte veciñal en man común seguido polo Xurado Provincial de Montes Veciñais en Man Común dependente da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Rural baixo o número 6/2017. A Xunta de Goberno queda enterada.

## 18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, o Presidente levanta a sesión, sendo as once horas e corenta e tres minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.